Public Diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 27 DE XULLO • 1989 — Nº 397 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA. 175 PTA. (CON SUPLEMENTO)

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

GALIZA CELEBROU O DIA DA PÁTRIA

O NACIONALISMO APRESENTASE COMO O UNICO CÁMBIO POSIBEL

As referéncias á unidade foron o eixo fundamental do Dia da Pátria 89. O BNG reafirmouse na sua política frentista nun clima de eufória e optimismo. A FPG criticou as políticas do BNG e PSG-EG, quen pediria a unidade baseada na construción nacional e na definición ideolóxica; a Xunta esqueceu case totalmente ista data, a non ser na propaganda preeleitoral, mentres, un ano máis, a Oferenda ao Apóstol quedou totalmente arrincoada, agás nos meios de comunicación.



M. Gens: 'Só Unión-Fenosa pode solucionar as telecomunicacións'

Manuel Gens, Director Xeral de Meios de Comunicación do governo galego, afirma que o atraso de Galiza en matéria de telecomunicacións pasa pola liberalización do mercado e a perda do monopólio por parte de Telefónica, que segue a ter a Galiza como "furgón de cola dos seus plans'. Gens tamén se refire ás expectativas da sua formación política, o PNG, cara o futuro.

(Páx. 10 e 11)

Cen lumes diários ante unha proteción inoperante

Coma cada volta de ano polo tempo da seca, o lume nos montes é un feito cotián. Mentres arden máis de mil hectáreas nun só lume entre a Pobra do Brollón e Quiroga, o paso arrasador dunha média de cen lumes diarios, reaviva as críticas á Administración por non atender ás medidas preventivas máis elementais e universalmente experimentadas para defender deste castigo contínuo á reserva forestal.

(Páx. 7)

Expedentados dous membros da Executiva do PNG

Os membros da Executiva do PNG Elias Pérez e Xavier G. Sotelo foron expedientados polo partido e probabelmente serán expulsados na próxima semán, ainda que parece ser que xa teñen pedido o seu ingreso en CG. O deputado do PSOE, Alfredo Atrio, deuse de baixa tamén no partido, mentras o concelleiro de Compostela Victor Ferreira poderia abandonar, asimesmo, as fileiras socialistas. Amadiós xa anunciou que ingresará no PSG-EG. **(Páx. 5)**

(*Caderno* á venda con este número)

A referéncia a unidade, eixo fundamental das intervencións

Os nacionalistas califican de crucial o momento que vive o país

A. EIRÉ-M.VEIGA-X. CARBALLA

As referéncias á unidade foron o eixo fundamental do Dia da Pátria 89. O BNG reafirmouse na sua política frentista nun clima de eufória e optimismo. A FPG criticou as políticas do BNG e PSG-EG, quen pediria a unidade baseada na construción nacional e na definición ideolóxica; a Xunta esqueceu case totalmente ista data, a non ser na propaganda preeleitoral, mentres, un ano máis, a Oferenda ao Apóstol quedou totalmente arrincoada, agás nos meios de comunicación.

O BNG celebrou a xornada con optimismo

A manifestación do Bloque Nacionalista Galego do Dia da Pátria 89 tivo como eixos fundamentais a reafirmación da posición frentista, constatado o "avance", no lema escollido *Adiante*, "que non é unha expresión de voluntarismo, senón a constatación de que avanzamos "segundo afirmaria X.M. Beiras na sua alocución de A Quintana; e a libertade de Francisco Rodríguez que, visibelmente emocionado dixo no mesmo acto que na cadea sentiu que "unha persoa soa vale pouco pero moitos unidos valemos moito". Serviu, ademáis, para clarexar cal é a posición unitária do BNG ante as 10.000 persoas participantes na manifestación, superando deste xeito o número da edición anterior.

O ano pasado o Bloque Nacionalista Galego lanzaba desde a praza da Quintana o seu *Proxecto Comun* facendo un chamamento á unidade das diversas forzas de ámbito galego para conseguir unha voz própria no Parlamento Europeu, fixando, ademais, as liñas mestras sobre as que construir a unidade.

O BNG voltou nesta ocasión a reafirmarse nas liñas marcadas hai un ano, "para o que non vai aforrar xenerosidade, agora e no futuro", en palabras de Bautista Álvarez, pero deixando clara a sua postura ante outros chamamentos ou intentos de interpretacións equívocas do seu ofrecimento.

O Presidente da UPG seria claro ao afirmar que non ia sacrificar a vocación unitária da frente "ás ambicións que esixan a rendición do nacionalismo para facernos cómplices de ideas alleas", en alusión clara á proposta do PSG-EG.

X.M. Beiras, ao que Alfredo Suarez Canal apresentaria como o home que "algun dia terá que ser o presidente dunha Galiza soberana", incidiria nesta postura cando se referiu a que o BNG e a organización "entorno á que xira a auténtica alternativa de esquerdas", criticando a aqueles que pensan "que se pode facer desde os gabinetes de intelectuais", poñendo como alternativa a frentista pois a unidade hai que realizala "desde as masas e esas masas están hoxe na Quintana.

A UNICA ENERXIA, O UNICO CAMBIO

Se un observador activo das postrimerias do franquismo e da primeira transición se tivese alonxado hipoteticamente do noso pais e regresase este 25 de Xullo observaria probabelmente duas cousas: unha xeralidade de cámbios que incluen a estabilización de determinados elementos daquela nacentes, xunto coa transformación do bulir militante e crítico que caracterizou aqueles anos. Transformación porque o nacionalismo segue activo, ainda que non exactamente da mesma maneira, senón con máis experiéncia e pouso. Pero o que si ocurreu foi unha concentración dos sectores críticos ao redor do nacionalismo: os que non subiron ao colo do novo réxime, simpatizasen con alternativas galegas ou non, non teñen hoxe máis eixo de traballo, de crítica activa que o signado polo nacionalismo, por alternativas cívicas, de esquerda, ecoloxistas, sindicais ou feministas, pero sempre nucleadas ao redor da idea de Galiza.

Non é esta constación unha anécdota, senón a posta de relevo de que o proceso de maduración política do pais se está a decantar en determinada direción. Certamente este *descubrimento* é froito tamén da acentuación dos pontos que definian ao nacionalismo e aos que neste mesmo periódico temos adicado tantas páxinas: influéncia determinante da CEE no agro, na pesca, na indústria.., supeditación política a Madrid, respostada por parte do centro co binómio alternante esquecemento/espoliación, etc.

O nacionalismo e non só el, senón tamén moitos outros galegos, están a ver que o momento que vivimos e, neste senso, crucial. Existe conciéncia xa de que nos próximos meses e anos se van definir as claves sobre as que xirará o noso futuro.

Por iso non é extraño que as organizacións políticas falen neste intre preciso de reformulacións tácticas, de propostas de traballo. En todos os pontos de inflexión da nosa história se deu este proceso.

É no terreo destas propostas que compre sinalar unha novidade importante: é a primeira vez que o nacionalismo galego fala de governo e, en todo caso, de oposición real e efectiva. O nacionalismo ten xa experiéncia nos concellos e nalguns outros eidos. Agora, por primeira vez, comeza a sentirse coas forzas, a estrutura e as ideas necesárias para asumir as responsabilidades maiores que Galiza necesita.

Non nos enganemos, non é un proceso rápido, nen inmediato, non convirtamos as alternativas políticas en lume de fogueteria. Mais si é certo que medra a conciéncia na sociedade galega de que só desde aí, desde o nacionalismo, pode surxir unha alternativa real e factibel de cámbio, de sustitución das estruturas dependentes, chuchadoras e corruptas que temos sobre nós desde hai tanto.

O que se representa simbólica e fisicamente nos manifestantes do 25 de Xullo é a única enerxia, a única proposta diferenciada, da que Galiza dispón para renovarse en todos e cada un dos seus componentes hoxe enfermos ou hipotecados.

A NOSA TERRA

Se o ano pasado se apresentaba o sistema frentista como única alternativa de esquerdas, este ano, voltaron a incidir na mesma postura, (como pode comprobarse polas frases anteriores, xirando tamén en torno a ista idea a exposición realizada por Francisco Trigo), pero "ollando o futuro con optimismo e confianza (Bautista Álvarez); "pois ser unha nación con estado está cada pouco máis perto",en palabras de X.M. Beiras, quen se referiu tamén ao BNG como "o Estado desta nación. A capacidade para ser, por conciéncia nacional e conciéncia de Estado", sendo a manifestación máis evidente de como se atopa a conciéncia "a práctica militante".

Bautista Álvarez tamén afirmou na sua intervención que a "Alba de Gloria está perto".



Xosé Manuel Beiras dirixese aos congregados da Quintana, baixo un sol de xustiza.

Capacidade para governar

Outra das mensaxes que o BNG emitiu foi a sua capacidade para governar, que se plasmou nun eslógan coreado por primeira vez nesta manifestación: "Na Galiza, Governo Galego", e na afirmación do parlamentário Beiras Torrado de que o BNG será "o eixo da próxima alternativa de Gverno no intento de facer das institucións autonómicas unhas institucións soberanas".

Reafirmáronse, máis unha vez en que non van renunciar "á Pátria Galega que quixeron liquidar", segundo Francisco Trigo, lanzando pombas ao remate do acto na Quintana "para que leven a todos os recunchos do mundo a mensaxe do Dia da Pátria, á que non renunciamos", como diria Alfredo Suárez Canal.

Solidariedade con Francisco Rodríguez

Tamén aproveitou o BNG este acto para dar as grácias a todos os que coa sua solidariedade conseguiron que Francisco Rodríguez celebrase o 25 de Xullo en libertade, quen emocionado (antes da manifestación e logo na festa andou horas a repartir apertas) afirmaria que "Saturno xa non devora aos seus fillos, o país rebélase". Tamén recoñeceu que na cadea sentira a solidariedade dándose conta de que unha persoa so non vale nada, pero moitas unidas valen moito".

Resaltar tamén desta celebración o gran número de nenos presentes, alguns dos cales portaban unha pancarta na que pedian "unha Pátria guai". "Eles serán o futuro do futuro, pois Galiza Nova", segundo Catuxo Álvarez, "é o futuro do país". □

FPG e APU reafírmanse na loita popular e na independéncia

Máis de mil cincocentas persoas, un número algo superior ao ano pasado, participaron na convocatória realizada pola FPG e por APU, co lema comun de *Independéncia*. As intervencións realizadas ao rematar a marcha por parte de Mariano Abalo (FPG) e Manolo Carneiro (APU) deixaron entrever algunhas das diferéncias que separan ás duas organizacións, até hai uns meses unidas.

A manifestación independentista acollia á FPG e APU (que acababa de realizar a sua asamblea fundacional despois de separarse da Frente Popular Galega) como principal novidade, pero non a única, pois hai que considerar como tal a non intervención de nengun membro de HB, que nos dous anteriores anos tiveron un papel protagonista nestes fins de acto, pésie a que nesta ocasión habia unha nutrida presenza de patriotas bascos

A relación con HB apareceu, se temos en conta as intervencións dos oradores, como un dos pontos de diferéncia entre as duas organizacións convocantes. Así, mentres Mariano Abalo fixo contínuas referéncias a Euskadi (referéncia aos máis de 600 presos de Euskadi, aos bascos como principais aliados e afirmación de que "temos a mesma loita que os bascos"), Manoel Carneiro non se referiu nen unha só vez aos euskalduns.

Esta división manifestouse tamén nos berros pois nun momento no que se deron vivas a ETA os militantes da APU coreaban "Independéncia". Os vivas ao EGPGC non foron logo apoiados pola maioria dos militantes da FPG.

Críticas aos demais partidos nacionalistas

Mariano Abalo comezaria a sua intervención afirmando que "inequívocamente está aqui o nacionalismo popular" para, seguidamente criticar ao PSG-EG que está a levar na práctica "unha política de unidade co PSOE" e ao BNG por ter a "autonomia como o seu proxecto comun" e esquecerse dos "16 presos galegos e dos 600 presos bascos

Aspecto da Plaza do Toural.

cando reclamaban a liberdade de Francisco Rodriguez".

Reafirmáronse na sua liña política afirmando que o "povo galego só será ceibe se leva unha loita consecuente" porque "a nosa política vai orientada cara os movimentos de liberación nacional".

Manuel Carneiro, pola sua banda, afirmou que "coñecemos cada un dos pasos que dá o imperialismo" referíndose as celulosas das que afirmou que son "un novo paso de colonización".

Referíndose á política de APU dixo que non se centran no institucional "esquecendo, como outros, as loitas populares" e pronunciándose por "unha estratéxia política e militar", momento en que foi interrumpido por berros de EGPG) dos que afirmou, sen citalos, que "son a mellor froita que deu o povo galego".

A chegada ao Toural comezara con incidentes, ao encontrarse a manifestción cunha orquesta tocando, o que deu lugar a duras palabras para o alcalde Xerardo Estévez. Ao remate membros do PC-ml e PC-r interrumpiron a intervención de Manuel Carneiro, para reclamar a sua preséncia no estrado e ler un comunicado dos presos do GRAPO, ao tempo que swinalaban que "os seus presos non eran os únicos presos". Despois duns momentos, e xa cando rematara o acto, deron leitura ao citado comunicado. □

Para o PSG-EG "este é o momento da esquerda democrática e nacionalista"

"Estamos nunha etapa de cámbio. Este é o momento da esquerda democrática e nacionalista", sinalou Camilo Nogueira no mitín final do 25 de Xullo celebrado polo PSG-EG, tras a manifestación á que acudiron máis dun milleiro de persoas e que foi en todo momento presidida por unha pancarta coa lenda "A forza da esquerda nacionalista"

O secretário xeral do PSG-EG que ocupou a derradeira intervención e que foi lida, por primeira vez nos últimos anos, reafirmou tamén o chamamento do seu partido "á unidade, pero non desde o sentimentalismo, nen desde a queixa ou a anacrónica indefinición ideolóxica, senón baseada na construción nacional". Nogueira sinalou tamén que "para nós a soberania é a maioria democrática".

"Autogoverno e socialismo"

A manifestación que o PSG-EG celebraba por segunda vez o 25 de Xullo, en anos anteriores tiña convocado mítines ou concentracións, partiu da Praza do Toural e rematou en Santo Domingo de Bonaval. No seu percorrido polo centro da parte vella fluiu mesturada no tradicional ambiente cosmopolita que cobra Santiago por esta data, entre turistas, músicos e membros doutras organizacións políticas que se dirixian aos seus respectivos lugares de concentración.

Entre os lemas coreados polos participantes figuraban os de "Galiza nación, autodeterminación", "PSOE, AP, a mesma merda é", "A Xunta de Laxe é un aldraxe. A Xunta de Albor non era mellor" e "Autogoverno e socialismo".

Gonzalo Vázquez Pozo, segundo na lista de Esquerda dos Povos nas pasadas eleicións europeas, foi o encarregado de apresentar o acto de Santo Domingo. A característica principal

Cabeceira da manifestación. González Amadios durante a sua intervención.

foi a brevedade de todas as intervencións, ante un sol que esparexia ao auditório na percura de refúxio. Canários, valencians e representantes das Illas Baleares foron, como é habitual, convidados ao acto, onde destacou a auséncia de representantes de Euskadiko Ezquerra (Vázquez Pozo sinalaria que Juan Mari Bandrés estaba nese momento tomando posesión do seu escano en Estrasburgo).

Amadiós, o máis aplaudido

A novidade estivo na preséncia de González Amadios, *Panchulo*, vicepresidente do Parlamento e ex-membro do PSOE quen, no tono máis mitinero de todos os participantes e entre grandes aplausos, deixou fe da sua ledicia por estar ali, sinalando que "aquí están os socialistas, os únicos", para perguntarse de seguido "onde está o PP, o PSOE, a Xunta? Están co patrón de España e non coa Galiza", criticando a estes partidos por "incapaces de celebrar o 25 de Xullo". As suas últimas palabras foron para sinalar que "o próximo dia da pátria seremos moitos máis, o único que non estará será Camilo porque será o Presidente da Xunta".

Denúncia da corrupción

De seguido interviron tamén Xan Cons, membro da direción da CXTG, quen mencionou os problemas para a criación da Mesa de Emprego; Pencha Santasmarinas, responsabel feminista, quen lembrou a Rosalia e Martínez Randulfe, actualmente obxeto dunha querela "por denunciar a corrupción na Xunta". Randulfe denunciou o "complot de siléncio, de direitas, esquerdas e independentistas ao redor da corrupción".

En último lugar Camilo Nogueira, aclamado como "futuro presidente dos galegos", chamou "á unidade nun proxecto democrático, socialista e nacionalista" que sexa "alternativa frente á direita conservadora e o centralismo". Nogueira lembrou tamén a corrupción e problemas como as autovias, a discriminación da muller, a alternativa forestal ou "os 50 mil millóns que queren entregar á celulosa". Fixo ademais un percorrido pola situación de diversos paises, citando a China (pediu a liberdade para o estudante Ban Dang) e referiuse tamén ao "fogar comun europeo" e ao ecoloxismo.

Festa do PNG en Caldas

PNG-PG celebrou unha festa-mitin na carballeira de Caldas de Reis na que participaron perto de duas mil persoas, despois de realizar un homaxe a Castelao.

O PNG lamenta que nestes actos aos patriotas galegos, independentemente de celebracións posteriores, non concorran todos os partidos nacionalistas xuntos pois "se hai algo que nos una, independentemente da loita por esta terra, é a figura e as ideas do motor do nacionalismo, xunto con Alexandre Bóveda".

No mitin criticaron tanto a "apatia doutros grupos autoroclamados nacionalistas, incapaces de conmemorar a data de onte" asi como as "campañas difamatórias contra do PNG" e a suas "ilusións presidenciais dos que non son quen para convocar máis de 1.000 persoas", en clara alusión ao PSG-EG. □

Nen o Príncipe de Asturias foi quen de darlle pulo á celebración do "Patrón das Españas"

Unha xornada publicitária para a Xunta

A Xunta convertiu ao Dia da Pátria nunha xornada publicitária coa que se lucran alguns meios de comunicación. O Governo en pleno asistiu ás celebracións do "Patrón das Españas" que este ano contou coa preséncia do herdeiro da Coroa Española para intentar resucitar unha festa en clara decadéncia pola falta total de apoio popular.

Até nove páxinas de publicidade nos xornais, múltiples spots publicitarios na TV e nas rádios, incidindo na sua campaña preeleitoral, foi o xeito en que a Xunta celebrou o Dia da Pátria.

A declaración institucional pasou totalmente desapercibida, e se, o ano pasado, foi sustituida pola Ofrenda ao Apostólo, nun discurso que, consustancialmente debe ser pactado coa Coroa e Arcebispo, nesta ocasión pagouse un anúncio nos xornais para entonar a mesma cantilena de sempre: "Galiza está agora coas miras postas na modernización, no progreso e no benestar colectivo..." para concluir afirmando que nos agarda un futuro esperanzador. Sorpresivamente ista vez desapareceu da triloxia na que asenta o seu discurso —modernidade, progreso, Europa —esta última palabra das 137 que formaban o *saudo-anúncio*.

O Governo en pleno asistiu aos actos católico-político- castrenses que conforman a chamada "Oferenda ao Apóstolo", instituida, precisamente, por Felipe II.

XAN CARBALLA

Participan, e até a avalarian se fosen un verdadeiro referente popular, nunha tradición relixioso-política de tradicional carácter antigalego —máis sorprendente nas formacións que se chaman nacionalistas—, pasándose a metade do dia mudándose de traxe, para estar presentábeis, segundo as ocasións, cos famosos chaqués ou cos traxes de rua.

O Príncipe de Asturias como reclamo

Nos últimos anos as autoridadas eclesiásticas e os sectores máis reaccionários da sociedade galega veñen reclamando a potenciación do "Dia do Apostólo", pois afirmando que está a perder entidade e posición a respeito do *Dia da Pátria*. Discurso que até foi incluido na resposta arcebispal hai tres anos.

Esta vez Rouco Varela e demais autoridades eclesiásticas sentíanse ledos. A sua petición dun oferente "de rango" foi escoitada pola Casa Real que enviou ao Príncipe Felipe.

Aseguraban deste xeito até unha ampla cobertura informativa que lles estaba fallando ultimamente pola caréncia de interese na sociedade galega.

O discurso do herdeiro da Coroa Española poderíase calificar de *mero compromiso*, tendo como novidade máis salientábel a de leelo posto en pé, e non de xionllos como se viña realizando en ocasións anteriores.

Rouco Varela contestarialle mostrando a sua ledicia por telo como enviado de "El Rei", pois así se empeñaron en dicer, até os locutores das emisoras que falan en galego.

De ambos èstiveron ausentes toda referéncia, mesmo idiomática, a Galiza. Algo que viña sendo habitual; reafirmándose, máis se cabe, a distáncia entre as duas celebracións.

Unha a de carácter oficial que conta coa apoio e patrocínio das autoridades de todo signo, a outra que moviliza aos galegos Na primeira participan cárregos públicos, invitados e turistas. O seu intento de facer ao povo partícipe dela, falla pola mesma eséncia dos actos.

Ao final, como afirmaba un xornalista avezado nestas cuestións "fallou todo, só faltou que caise o botafumeiro e matáse ao Príncipe".

Por non poder até non puderon transmitir ás emisoras de rádio o acto en directo pois os seus micrófonos foron inutilizados polos gardadores da seguridade.

Os meios de comunicación magnificaron o acto, en detrimento da celebración galeguista na que participaron milleiros de persoas, sobre todo os de Madrid —que ignoraron, máis unha vez, a celebración galega— e, senlleiramente os públicos, nunha batalla desesperada por devolvérlle un protagonismo ao Santiago Matamouros que xa perdeu en várias comunidades o carácter de feirado, pésie á protesta do Governo español. □

A NOSA TERRA EN BARCELONA

Torrentá
RONDA DE SANT ANTONIO-PRAÇA UNIVERSITAT
Mundo
RAMBLA-FRENTE AO CENTRO GALEGO
Miguelañez
AVDA. PORTA DEL ANGEL-FRENTE A GALERIAS
Galiana
PASEO NACIONAL-MAQUINISTA
Principal
RAMBLAS-PLAÇA DEL TEATRE

Sepu:
RAMBLAS
FRENTE ALMACENES SEPU
Ronda Sant Universitat
PRAÇA CATALUNYA
RONDA UNIVERSITAT
Canaletas
RAMBLAS
PRAÇA CATALUNYA
Provença
PASSEIG DE GRÁCIA
PROVENÇA

NÚMERO PREMIADO
cun coche Citroën AX no sorteo celebrado o Dia Da Pátria na Carballeira de San Lourenzo.

24.503

Información nos teléfonos (981) 56 66 09 - 59 33 99
CADUCA AOS 3 MESES

BNG

ENREDOS
METODO DE LEITURA E ESCRITURA

ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓGICA GALEGA

Este método de leitura e escritura foi elaborado e experimentado nas aulas polo Seminario Permanente da AS-PG de Santiago, dirixido por Xulio Rodriguez.

O método consta de:

ENREDOS. Libro 1. Con baralla e fichas. Para o aluno.
ENREDOS. Libro 2. Para o aluno
ENREDOS. Libro do profesor. Que é a guia didactica.

A VENDA NAS LIBRARÍAS

PEDIDOS A
GALIZA
editora
Apartado 1168. OURENSE

GALIZA E MUNDO

■ "Poñeremos os intereses de Galiza por riba dos partidos" (Bautista Álvarez) (Páx. 6) ■ O Tour de Delgado foi para Lemond (Páx. 8) ■ Galiza fóra de Galiza, exposición sobre a emigración (Páx. 8) ■ Os salários galegos entre os máis baixos do mundo (Páx. 9) ■ Criminalidade e desmoralización na sociedade USA (Páx. 12 e 13)

COMEZA A MOVIDA ELEITORAL

Mentres no PSOE dase de baixa Átrio

Dous membros da executiva do PNG expedientados

■ A. EIRÉ

Os membros da Executiva do PNG Elias Pérez e Xavier G. Sotelo foron expedientados polo partido e probabelmente serán expulsados na próxima semán, ainda que parece ser que xa teñen pedido o seu ingreso en CG. O deputado do PSOE, Alfredo Átrio, deuse de baixa tamén no partido, mentras o concelleiro de Compostela Victor Ferreira poderia abandonar, asimesmo, as fileiras socialistas. Pola sua banda, González Amadiós xa anunciou que ingresará no PSG-EG.

Nos dous últimos anos os meios de comunicación galegos xa non tiveron que inventarse as tópicas *serpes de verán*; a política galega forneceunos de atraintes notícias coas que encher os espácios informativos. A crise do Governo Albor primeiro e o *Caso Barreiro*, ao ano seguinte, foron os temas estrela. Este ano voltan as novas e a remexer as estruturas políticas. Máis alá de posíbeis acordos pontuais entre os nacionalistas, de cortinas de fume sobre a unidade, ou de Manuel Fraga *zapatoneando* a nosa xeografia, a política galega está a ser revolta polo remuiño das eleicións autonómicas que sopla próximo.

O Partido Nacionalista Galego ven de abrirlles sendos expedientes a Elias Pérez e Xavier G. Sotelo, ambos integrantes da executiva. O primeiro secretário de Ourense e o segundo vicesecretário do PG antes da fusión.

Esta suspensión de militáncia que levará, con total seguridade a expulsión do partido, parece vir dada por diversas publicacións realizadas por estes dirixentes nas que se manifestaban a prol da unidade con CG. Na última campaña eleitoral tamén realizaron en Ourense os seus própios carteis escollendo un lema diferente ao acordado polo partido.

Ambos políticos entrarán en CG con toda seguridade, formación na que teñen pedida a entrada.

O PSOE perde outro deputado

O PSOE perde outro deputado ao darse de baixa do partido Alfredo Átrio, que pasará a integrarse no grupo mixto. O motivo diste abandono é a política sanitária que marxinou a Valdeorras como cabeceira sanitária. Os viciños mostraron en repetidas ocasións o descontento pola medida, declarando a Átrio *persoa non grata* no seu lugar de nacéncia, O Barco.

trio apresentaria logo unha proposición para mudar o Mapa Sanitário, pero non foi apoiada polos seus compañeiros de partido, nen sequer polos máis próximos a el, os do denominado seitor galeguista.

As discrepáncias de Átrio xa viñan de atrás, descontento coa política do PSOE, pero agora case non tiña outra saida, pois levaba tempo sen poder aparecer polo Barco. De momento ainda non ten definido se continuará ou non en política, ainda que o capital co que conta na sua comarca é negativo, se agora non o recupera, en parte, con este abandono.

Pero as liortas entre os distintos seitores do PSOE, en alguns casos cruentas, para situarse cara as eleicións autonómicas, tiveron un episódio que emerxeu en Compostela. O concelleiro de Educación, Victor Ferreira, dimitia diante dos contínuos desplantes (por celos) do Alcalde Xerardo Estévez, que asinaba, anunciaba e realizaba proxectos direitamente relacionados coa área do citado concelleiro sen este inteirarse.

Ante ista situación, Ferreira decide dimitir, pero o comité local do partido, dominado polos *ceferinistas*, exprésalle o seu apoio, censurando a atitude do alcalde, e tenta que o concelleiro mude a sua decisión. Pero Estévez segue a afirmar que son incompatíbeis e que se se queda Ferreira será el quen se marche. A liorta pode acadar unhas dimensións inesperadas cando interveñan os órganos de direción galegos. Pode ser unha batalla en toda a regla polo control de Compostela, último reducto que lle queda a Ceferino Diaz, ao que queren marxinar totalmente en Lugo, o seu anterior feudo.

Pero, de momento, parece que non se van producir máis abandonos, sobre todo coñecendo o *aguante de Ceferino*. Mentres tanto, González Amadiós, o primeiro parlamentário en abandonar o PSOE, vaise integrar no PSG-EG. Ainda que el afirme que será logo das eleicións no partido de Camilo Nogueira, hai seitores que pretende empurralo a unha candidatura, por máis que o grande problema sexa o buscarlle un posto para sair.

Pola sua parte, segundo pudo saber A NOSA TERRA, no PSOE teñen preparado un dosier para filtrarllo á prensa se Amadiós decide apresentarse como candidato. Ainda que, de momento o PSOE o que está a forzar é a máquina das inauguracións. Este verán teremos as famosas caravanas de cárregos públicos e do PSOE por canta festa, feira e francachela podan pór a andar.

Será un verán eleitoral. □

17 AGOSTO

Homenaxe a Alexandre Bóveda

O próximo 17 de Agosto PNG, BNG e PSG-EG celebrarán, un ano máis, actos de homenaxe a Alexandre Bóveda, co gallo do 53 aniversário do seu fusilamento na Caeira pontevedresa. A proposta unitária realizada polo BNG, cara a "evitar a repetición de actos motivada unicamente pola diferéncia de siglas e deslucindo asi o motivo da homenaxe que é Alexandre Bóveda", foi aceitada polo PNG e non respostada por CG. O PSG-EG celebrará os seus actos por separado, ao mostrarse disconforme coa "realización de actos ao carón da direita, estando dispostos, iso si, a facelos co BNG". O BNG valora positivamente "o acto unitário, ainda que sexa entre forzas ideoloxicamente distantes, dada a razón que o motiva", considerando "fora de lugar a resposta do PSG-EG". Ás seis do serán PNG e BNG realizarán a oferenda floral na Caeira, seguindo logo cun acto na praza pontevedresa de Curros Enríquez, onde se erixe o monumento a Bóveda realizado por suscripción popular. □

AXENDAS AGA

No '90 non facemos
a primeira axenda galega.

Eso xa o fixemos o ano pasado
abrindo así camiño.
Atrevímonos porque criamos firmemente que era unha necesidade.
A experiencia déuno-la razón.
No '90 é tempo de saltar de novo...

25 ANOS DA UPG

"Estamos dispostos a pór os intereses de Galiza por riba dos partidos" (Bautista Álvarez)

"Estamos dispostos a pór os intereses de Galiza por riba dos partidos", sinalou Bautista Alvarez, membro fundador e actual presidente da UPG, no mitin en conmemoración do 25 aniversário da organización, celebrado o 24 de Xullo en Santiago.

Álvarez foi crítico a respeito dalgunhas das diferéncias surxidas historicamente na organización, sinalando que "quizá ás veces se acentuaron as diferéncias no canto de defender a unidade", pero afirmando que "seguimos coas portas abertas a aqueles que teñen traballado con nós e seguen a traballar baixo critérios inequivocamente nacionalistas".

Para o presidente da UPG, tanto o seu partido como o BNG "gozan de boa saude dentro do país, pésie a alguns ataques recebidos, como foi a detención de Francisco Rodríguez".

O xa histórico lider resumiu o norte histórico da UPG como o de "terse dado conta de que a opresión de Galiza é produto do capitalismo".

A importáncia das persoas

Francisco Rodríguez, cuxa preséncia centrou notoriamente o acto tras a sua posta en liberdade, interviu tamén con palabras de homenaxe a Bautista Álvarez, "único representante da etapa fundacional", de quen lembrou a sua orixe labrega, como exemplo da capacidade histórica destas clases para asumir a análise política madura e o achegamento ao marxismo.



Francisco Rodríguez intervén no acto de aniversário.

Francisco Rodríguez, membro do Secretariado Político, quen realizou unha pequena reseña histórica do partido, afirmou tamén non acreditar "na bondade persoal, nen na xenialidade individual, pero dada a situación e a escasez militantes das primeiras épocas, o voluntarismo de moita xente foi o que permiteu que hoxe esteñamos aqui". Amén de Bautista Álvarez, lembrou, neste senso, a outros militantes históricos, tamén intervintes no acto, como Manuel Mera e Alfredo Suárez Canal.

Por último Rodríguez sinalou como acerto histórico do nacionalismo actual "o ter criado organizacións de masas, algo que non se tiña feito no 36". En referéncia ao presente, resaltou "a necesidade de conectar coa realidade".

No mitín interviron tamén un representante da OLP, Margarita Costas, en representación das mocidades do partido (UMG) e Encarna Otero, membro do Consello Nacional da frente nacionalista BNG, quen felicitou á UPG polo seu aniversário e por "formar parte dese proxecto comun no que estamos todos". □

■ **Coacións a Xesus Irago.** Xesus Irago, militante da Asamblea do Povo Unido (APU) apresentará no xulgado unha denúncia coa que pretende que a Xustiza interveña para por fin á persecución que están a sofrer tanto el como a sua familia. Irago asegurou en roda de prensa que un dos números da Garda Civil que o interrogaran pola sua presunta relación co Exército Guerrilheiro está a sometelo a unha situación de terror, con ameazas e coaccións para obrigalo a colaborar como confidénte. Xesus Irago fixo esta declaración en compañia do seu avogado Emilio Ginés e de vários representrantes das Juntas Galega pola Amnistia (JUGA) e da APU. Irago fora detido en Febreiro pasado dentro da redada que seguira ao enfrentamento en Irixoa entre membros da Garda Civil e tres membros do EGPGC. A Asamblea do Pobo Unido (APU) considera que as organizacións e militantes independentistas están a ser obxecto de unha campaña represiva desde as últimas eleicións europeas. Neste senso salientan o recorte do número de visitas dos detidos pola causa seguida contra o Exército Guerrilleiro, o xuício contra sindicalistas de As Pontes e a detención de Francisco Rodríguez□

■ **Alternativa Ecoloxista** apresentará denúncia xudicial contra o concello de Lugo, por un suposto delito ecolóxico.

O motivo de tal denúncia é a contaminación que se rexistou o venres dia 21 no rio Miño, perto da praia fluvial, e no seu afluente, o Tórdea.

A Alternativa Ecoloxista considera que a gravidade do asunto aumenta si se considera que se trata dunha zona con gran afluéncia de bañistas.

Os feitos, segundo consideran os ecoloxistas, son encadrábeis na figura delictiva tipificada no Código Penal como *delito ecolóxico*.

A lei pode ser infrinxida por acción ou por omisión, polo que fan responsábel ao Concello lugués dos feitos, ao non terse preocupado pola saude pública dos cidadáns.

En Lugo tamén se produciu un envenenamento de peixes non rio Coeo, afluente do Chamoso, morrendo centos de truitas pola acción dun furtivo. De momento ainda non se coñoce quen foi o autor do desaguisado.

Este verán considérase polos especialista especialmente favorábel para o *traballo dos furtivos* dado a importáncia da seca que estamos a padecer polo que as autoridades terian que extremar a vixiáncia.

■ **Pola Europa dos Povos.** A coalición *Pola Europa dos Povos* que constituen PNG, PG, EA e ERC estará integrada no grupo *Arco da Vella* do Parlamento Europeu, constituido onte. Os trece deputados que compoñen o grupo pertencen a partidos nacionalistas de Escoza, Córcega, Sardeña, Irlanda, Flandes, Lombardia e Euskadi asi como o andalucista Pedro Pacheco e catro representantes daneses. O grupo *Arco da Vella* agrupouse como plataforma de corte nacionalista progresista centrada no recoñecemento ao direito de auto-determinación, a defesa do médio ambiente, a Paz e o desarme asi como a atención ás linguas e culturas minorizadas. Contrário á política de bloques e favorábel dunha moratória do plan de construccións nucleares no mundo, *Arco da Vella* coopera cos paises do Terceiro Mundo e avoga pola reforma das politicas pequeira e agrária e a superación dos desequilíbrios rexionais. □

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

INCÉNDIOS FORESTAIS

Na frente de Póvoa de Brollón arderon mil hectáreas de fraga

Cen lumes diários denúncian a inoperáncia das medidas de proteción do monte

■ G. LUCA DE TENA

Coma cada volta de ano polo tempo da seca, o lume nos montes é un feito cotián. Mentres arden máis de mil hectáreas nun só lume entre a Pobra do Brollón e Quiroga, o paso arrasador dunha média de cen lumes diarios, reaviva as críticas á Administración por non atender ás medidas preventivas máis elementais e universalmente experimentadas para defender deste castigo contínuo á reserva forestal.

Estas medidas, prácticamente inexistentes polo de hoxe, serian as mesmas que practican con regulariedade os paises madeireiros do mundo todo. Fálase outravolta da necesidade dun servício especializado de contención de incéndios forestais como o que existe nas Landas, na Aquitánia. Esta enorme extensión de terra areosa na rexión dos Pirineos Atlánticos franceses, plantada de piñeiros e cun frente cara o mar de douscentos quilómetros, está reticulada de camiños forestais e dispón de centos de torres de observación que dominan a totalidade da superficie arborada. O número de parques de bombeiros forestais é moi elevado e está ben dotado de material e homes para acabar en pouco tempo con calquera lume que se poida producir. Estas equipas convirten os tempos mortos de retén en adicación activa á silvicultura, o que aumenta o rendemento do bosco e disminue o risco de lumes.

Un lume que serve de mostra

Pero en comparanza con outros paises madeireiros que prevén con dotacións humanas e materiais o lume dos boscos, a Administración emprende na Galiza un camiño a contrafio da especialización forestal. Pola sua enorme importáncia económica e extensión, (minimizada na información oficial), o recente lume de Pobra do Brollón a Quiroga, que ameaza ao espácio natural protrexido do Cañón do Sil, serve de exemplo e crítica do que está a ser a filosofia da contención desta praga que se leva cobrado máis do trinta por cento da superificie arborada galega nos pasados dez anos.

As máis diversas opinións coinciden en que o meirande lume de este ano foi provocado, como case que todos o que inzan o mapa do pais en tempo de seca. Para facer frente a esta enorme masa de lume, utilizase aos veciños, aos empregados do Servício Forestal e á Garda Civil. "A participación dos que viven perto das terras incendiadas foi caseque nula —comentou un técnico do Servicio Forestal que interviu durante toda a semana do 17 ao 22 de Xuño na extinción deste lume—, pois poucos ou case nengun deles se considera direitamente implicado no interés obxectivo que esta a ser estragado polas chamas. Non lle teñen o cariño que lle tiñan que ter ao monte, porque non están direitamente relacionados co seu funcionamento económico".

Ordear o território

Outro aspecto que sae outravolta á luz cando os ceos do país se entoldan de cinsa e borralla dos montes en chamas, é o da ordeación do território. Dase cada vez máis o caso de terras chas, próprias para pasteiros, que se poñen a eucalipto ou de terras de moita pendente, nas que é imposíbel a mecanización e moi difícil o acceso, que se queren converter en zonas agrícolas. Pola outra banda, os proprietários de montes prefiren, como é obvio, espécies de crecimento rápido. As duas de maior demanda polo seu uso nas fábricas de pasta e a sua cotización entre os rematántes de madeira, o eucalipto e o piñeiro, son ao mesmo tempo pirófitas. "Compre dar saida a outras espécies do país como poden ser o abidueiro, a cerdeira ou castiñeiro resistente, mediante o fomento de industrias que utilicen este tipo de madeira comenta —un técnico forestal que leva vários veráns ocupado na contención de lumes. As caducifólias serven de contención ao lume pola cantidade de água que gardan en toda a planta e pola conseguinte dificuldade para arder, mentres que as espécies resiñeiras poténcian as chamas".

A semana longa que levou dominar o lume da Poboa do Brollón á Quiroga teria de acortarse, segundo todas as opinións, se os corta-lumes estivesen limpos e cuidados, o que non é posibel coa actual dotación de médios materiais do Servício Forestal. O desuso do esquilmado do monte, que formaba parte do sistema agrícola tradicional, é outra das razóns da rápida extensión dos lumes. Non se fan tampouco os tratamentos selvícolas que comprirían, e que son de uso en outros paises, como as entresacas. Noutras nacións madeireiras non pasan nunca o límites de 600 pés por hectárea, mentre que na Galiza é fácil atopar até 2.500 pés na mesma extensión".

A Administración garda unha parte principal do orzamento para a prevención de lumes para o funcionamento dos hidroavións. Pero a experiéncia universal demostra que cunha descarga de auga cada média hora non é posibel conter un lume. A intervención por aire seria efectiva se os avións poden intervir cada cinco minutos. "Aqui trabállase cos mesmos médios que hai sete anos —indican traballadores do Servício Forestal. Pero non poden esperar resultados positivos facendo traballar ao pouco personal que hai durante corenta e oito horas seguidas. Compren máis carrocetas e tractores-orugas ca avións. Temos as mesmas de sempre pero son necesárioas moitas máis como teñen en Catalunya, onde xa funciona un servício especializado de bombeiros rurais".

A fraga en perigo

Outro bosco alcanzado polos incéndios deste verán é a reserva da Fraga do Eume, na que se manteñen 20 espécies vexetais de grande valor. Neste caso, unha disposición administrativa non atende á modificación das formas tradicionais do uso do monte e o conflicto conseguinte resolvese, como en todos os casos nos que interven o lume, en contra da reserva forestal. Moitos dos que traballan no bosco critican a hipocresia da conselleria de Agricultura que hai un ano se gababa de ter rematado prácticamente cos lumes no monte e á vista da actual carreira de incéndios mantén un siléncio total ou resposta con paus de cego aos acontecementos. Non aborda, no entanto, o prometido estudo multi-discipiinar no que se poida facer unha análise comparativa das circunstáncias e caracteristicas de cada lume no seu entorno sociolóxico.

A Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (ADEGA) esixe un Lei de Defensa do Património Forestal, que diversifique as producións do monte e contemple as reforestacións discrecionais con espécies de baixa combustibilidade. ADEGA cre que os concellos deben cumprir coa sua obriga de loitar contra o lume, que se deben mellorar as axudas para este labor asi como poñer en relación aos distintos niveis administrativos que interveñen na preservación da riqueza forestal. □

AXENDAS AGA

No '90 damos un salto a tempo.

Porque moitas persoas, empresas, colectivos, institucións,
precisan dunha gran variedade de productos
que sirvan para marca-lo tempo,
para anotar, recordar, planificar...
E isto feito en galego e para Galicia.
É unha necesidade de moitos e do noso idioma.
E agora é o momento.

TOUR DE FRÁNCIA

A verdadeira rendabilidade de Pedro Delgado

A carreira comercial ciclista

■ A.EIRÉ

Perico Delgado entronizado, Perico Delgado vituperado; campeón, derrotado...detrás da disputa hai algo máis que paixón: unha montaxe comercial moi rendábel para as casas patrocinadoras e os próprios meios de comunicación. A propaganda é quen verdadeiramente manda nas carreiras ciclistas.

Na edición do Tour da Francia que ven de rematar só houbo duas chegadas masivas. Hai afeizoados que se terán perguntado polas causas deste discorrer totalmente *anómalo*. Digámolles unha fundamental: a guerra entre duas equipas holandesas, Panasonic e Superconfex; Van Poppel, na teoria o millor *sprinter* actual, cambiaba de formación na presente tempada fichando polos *televisores* e abandonando o Superconfex, que, como castigo, nos últimos quilómetros de cada etapa mandaba os seus homes por diante impedindo as chegadas en pelotón. A guerra comercial, e a particular entre os seus directores Peter Post e Jan Raas, marcaron totalmente o quefacer das duas equipas e, ainda, o de toda a carreira.

É só unha evidéncia máis de como no ciclismo quen imprime o ritmo do pelotón son as casas comerciais. Os desenrolos empregados polos ciclistas, as escapadas, as neutralizacións, as demarraxes e, mesmo, as botellas de glucosa, están en función da publicidade. Deixar marchar a tal ou cal corredor, gañar unha etapa, rodar só uns quilómetros para sair na TV... depende dos distintos intereses das casas patrocinadoras e da sua conxunción no instante, sen factores que se podan repeler pois, a maioria das veces, tamén en ciclismo, dous polos do mesmo signo tenden a disociarse.

Córrese en función dos anagramas estampados nas camisetas e a favor ou en contra doutras marcas competidoras.

Con estes intereses sempre presentes *fanse campeóns ou destrónanse corredores*. Os meiios de comunicación (principalmente a TV) son os intrumentos imprescindíbeis, sen os cales o ciclismo de hoxe non poderia concebirse. Eles tamén necesitan *líderes* que conciten o interese do público como xeito de vender o soporte para publicidade e de facerse ideolóxicamente máis eficaces.

Sen estas anteriores consideracións non logrará entenderse en toda a sua dimensión *o mundo Perico Delgado*; as loubanzas adicadas sen medida e os ódios acarreados sen tope, papeis nos que sobrancean os meios de comunicación.

Os intereses publicitários converteron a Perico Delgado no *millor corredor español de todos os tempos*. Elevárono ao rango de *campionísimo*. Os problemas chegan á hora de conxugar a realidade coa ficción publicitária.

Greg Lemond e Pedro Delgado

Gañador moral, perdedor real

O corredor segoviano non pudo gañar o Tour 89, pero quixeron investilo con un *maillot* inexistente, o de **gañador moral**, argumentándo que fora o corredor que menos tempo investira na carreira, recordando o "despiste" de Luxemburgo. Ao final nen iso foi verdade xa que quedou a 3,34' de Lemond. Tamén se inventaron a *conxura* contra do corredor español, estrataxema que só dá resultado coa desinformación e a represión, como demostrou Franco.

A racionalidade, sen necesidade de moitos coñecimentos ciclistas, indica que se Delgado non tivese *regalado* os case tres minutos na primeira contra-relóxio, o desenrolo da carreira seria totalmente diferente. Ninguén lle teria permitido as escapadas dos Pirineus.

Para situar a Perico Delgado no seu auténtico lugar, resgatado da influéncia patrioteril española dos "mass-média", é necesário ter presente que non foi quen de gañar nengunha etapa, sendo batido polo americano Lemond mesmamente na contrarelóxio de 78 quilómetros na que o español saiu con bonanza e o americano fixo o percorrido no medio da tempestade. Lemond foi moi superior na loita individual contra o crono, arma que lle permitiu a Delgado a victória na última Vuelta a España. Tampouco pudo restarlle tempo nos Alpes e, cando puxo terra por médio, foi sempre na compaña de outros corredores.

Non se debe esquecer tampouco que a sua equipa, o Reynolds, estivo sempre á sua disposición, mostrándose como un gran conxunto. Pola contra, o americano, sempre correu só, sen axuda. E se falamos de alianzas débese ter presente que na escapada en solitário de Fignon e Mottet foi o PDM e Paternina os que levaron o peso da *caza*.

Cuestionar a vitória de Lemond afirmando que o único que fixo foi *chupar roda* é esquecer totalmente das tácticas que imperan, non xa no seo do pelotón, senón en calquer deporte. Haberia que pór en tea de xuício que unha equipa de futbol se peche atrás cando vai gañando, que outra xogue á defensiva, que no baloncesto se esgoten os 30 segundos antes de lanzar á canastra, ou que en motociclismo se conforme o piloto co terceiro ou carto posto para asegurar o título do mundial.

Lemond empregou a mellor táctica, a máis intelixente, a que lle deu o millor resultado: quedou campeón.

Pedro Delgado demostrou ser un bon corredor, un magnífico corredor, tan bon como o millor, pero, evidentemente non é Hinault, Merckx ou Anquetil. Un superclase é outra cousa.

TVE duplicou a sua audiéncia, os xornais deportivos tiraron un tércio máis, as emisoras de rádio subirón en vários pontos os seus índices de audiéncia e os xornais normais aumentaron tamén as suas tiraxes. Pedro Delgado ten a rendabilidade dos *mónstruos ciclistas*, ainda para aqueles que o denigran. □

Non adiantes a colleita

MEDRAMOS NO VERÁN

É tempo de crianza para os mellores froitos do mar,
froitos da natureza e do esforzo dos mariscadores.
É tempo de MEDRA para os recursos marisqueiros.
Froitos que están crecendo, madurando.

NON ADIANTES A COLLEITA • MEDRAMOS NO VERÁN

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE PESCA

A CRISE

Segundo un informe da Oficina de Estadística Laboral dos Estados Unidos

Os salários galegos entre os máis baixos do mundo

O pago da hora de traballo entre os traballadores da indústria no Estado é un dos máis baixos do mundo e só mellora aos de Brasil, Taiwan e Corea do Sul, segundo o último informe publicado pola Oficína de Estadística Laboral dos Estados Unidos, que foi realizado no pasado mes de Febreiro. A Galiza ten á sua vez unha masa salarial bruta por empregado inferior nun 15 por cento á média estatal.

Sobre un índice 100 que toma como patrón aos Estados Unidos con 1680 pesetas por hora de traballo na indústria, a Oficína de Estadística situa no primeiro lugar dos salários do mundo da economia de mercado a Noruega cun índice 131, seguida de Alemaña Federal con 125, Bélxica, Suécia e Holanda con 112, Dinamarca con 108, Finlándia con 97, Austria con 95, a Franza con 92, Canadá con 89 e o Xapón con 84. O Estado figura o terceiro pola cola cun índice 58.

Os británicos presumen de pagar pouco

Esta información estadística aparece nunha publicación do Reino Unido na que se pondera as ventaxa do relativamente baixo coste dos salários británicos con relación ao resto dos paises industrializados.

Segundo dados do ministério estatal de Traballo actualizados, a masa salarial bruta da Galiza por empregado en miles de pesetas, situase nun 15,22 por cento debaixo da média estatal nas empresas de tipo médio. En concreto, ao asalariado galego correspondianlle para empresas do mesmo tamaño 594 mil pesetas anuais menos que a un traballador vasco, 411 mil menos ca un catalán e 408 menos ca a un madrileño.

No conxunto, a Galiza ocupa o derradeiro lugar de todas as comunidades do Estado. Na realidade? a média salarial Galiza-Estado aparece distrosionada polos traballadores do sector público que supoñen o 25 por cento dos salariados que teñen a saua paga homologada coa do resto dos traballadores estataius do seitor. O carácter inferior dos salários na galiza no sector privado débese en grande medida á menor tecnificación, o que da lugar a unha menor productividade asi como a existéncia dunha man de obra de reserva ainda que escasamente cualificada. □

EMIGRACIÓN

Galicia fóra de Galicia.

Unha exposición mostra as realizacións culturais e políticas da emigración galega

Até o 6 de Agosto, e anunciando itineráncia por Galiza, Europa e América, permanece aberta unha exposición no Quiosque Alfonso que recolle unha mostra amplísima de materiais pouco coñecidos, tanto escritos como visuais sobre o labor cultural e político dos nosos emigrantes na Europa e América.

A exposición que se ia apresentar na Galiza estaba preparada polo Instituto Nacional de Emigración e levaba por título "España fóra de España" mais finalmente foi complementada por unha segunda mostra que recolle especificamente a emigración galega, aportando numerosos materiais inéditos. A mostra realízase a meio de paneis desmontábeis, e a organizada na Galiza pasará nos próximos meses a recorrer diferentes cidades galegas. En ambos e dous casos o material fai percorridos cronolóxicos ou temáticos, e apóianse en vídeos, montaxes audiovisuais e fotografias.

A exposición matriz —"España fuera de España"— cuxo cartel de apresentación realizou Rafael

Alberti, recorre imaxes dramáticas da marcha dos emigrantes, da sua vida nos paises de recepción non abondando os dados económicos, especialmente na montaxe audiovisual que segue abeirando no seu enfoque a idea da emigración como "saga de pioneiros", sen centrarse nas argumentacións socioeconómicas.

Galiza no mundo

A mostra galega está moi vencellada ao labor dos centros galegos e de diferentes grupos activistas na emigración. Paneis fotográficos, cadros de artistas cuxa obra atendeu á emigración (Seoane, Diaz Pardo,...), vitrinas con revistas, folletos, discos, libros e diferentes publicacións,... compoñen om groso do material exposto, O fio conductor desta outra exposición faise nos paneis através de poemas e textos literários. Carlos Diaz é o comisário da "Galiza fóra da Galiza", que se discriminará da anterior, co patrocínio da Dirección de Relacións coas Comunidades Galegas e recorrerá diferentes cidades galegas desde o próximo Setembro. "A intención era provocar reaccións emocionais da xente e non expor un gran discurso sociolóxico. E iso estase conseguindo na medida que máis de 30.000 persoas van visitar a exposición —máis que no tempo que estivo en Madrid— constatándose que esa emoción procurada é a impresión coa que os visitantes saen do Quiosque Alfonso. Hai que ter en conta que na época de verán hai moitos emigrantes da Europa que pasan aqui as suas vacacións e a exposición interésalles especialmente". □

AXENDAS AGA

NO '90 O TEMPO MARCA GALEGO.

Porque para cubri-las necesidades de todos, AGA PRODUCCIÓNS, Edita:

AXENDA SEMANA VISTA
170 páx., 62 de información. 8 páxinas a toda cor co mapa de estradas. Fita marcadora. Nova encadernación resistente e agradable, reforzada con esquineiros metálicos. Tres cores a escoller nas capas.

AXENDA DÍA A DÍA
372 páx. Coas informacións precisas. Deseño cómodo e moderno. Na páxina, recordatorio de citas e gran cantidade de espacio para anotacións. 8 páxinas co mapa de estradas a toda cor. Fita marcadora. Mesma encadernación ca axenda semana a vista.

AXENDA DE PETO
112 páxinas. Diversas informacións. Formato cómodo para levar consigo en calquera momento. Caderniño de teléfonos recambiable. Fita marcadora. Estrutura de doble semana á vista.

BLOQUE DE MESA
Especialmente dirixido a empresas e institucións. Coas informacións habituais, especialmente a fiscal. Unha distribución agradable e efectiva. Gran superficie útil para anotacións. Impreso a dúas tintas. Estudiado separador-marcador de follas.

BLOQUE DE PAREDE
Especialmente dirixido ó mundo do campo e do mar. Informacións sobre feiras, romarías, mercados, fases luares, mareas... Amplio formato, impreso en grandes caracteres. Nas partes traseiras pequenas historias, contos, xogos, adiviñas...

INTERNACIONAL 1990
Axenda de luxo, encadernada en pel e cun gravado de M. Facal a toda a cuberta. Formato cadrado (250 mm. de lado), impresa a dúas tintas. Tódalas informacións en sete idiomas distintos (incluíndo os da península). Preséntase en caixa de cartón ríxida. A axenda galega que se vai vender en tódolos países de Europa.

VARIOS PRODUCTOS MÁIS
Tales como almanaques, calendarios,.... que conxuntamente con todo o anterior conforman a nosa proposta no ano '90 para o mundo das axendas e calendarios.

AGA PRODUCCIÓNS

CONTACTOS OU INFORMACIÓNS:
AGA PRODUCIÓNS.
Rúa María 89-2º.
Tel. (981) 35 04 75
FERROL

■ **Protestas contra a contaminación en Viveiro.** En Cobas (Viveiro) os viciños teñen iniciado unha série de mobilizacións para esixir das autoridades municipais e sanitárias unha solución urxente á contaminacioón da praia. A aparición de centos de peixes mortos na zona de Os Castelos onde verten os detritus de todo o bairro, foi o desencadeante dos dous cortes de tráfico habidos até o momento, protagonizados por máis de 500 viciños.

Anteriormente, en Celeiro, na outra banda da riua viveiresa, a acción dos viciños logrou paralisar unhas obras de ensanche dunha estrada que ian supor a desaparición doutra pequena praia.

As protestas contan co apoio activo da Asociación para a Defensa da Ria. Sectores hosteleiros minoritários, pola contra, critican con xenreira os desordes que, segundo eles, poden apartar o turismo da vila, non considerando que a própria contaminación na praia de Cobas poda provocar o mesmo efeito. □

■ **A actuación do Alcalde de Vigo, Manuel Soto en relación coas vivendas de Rivera Atienza** pode ocultar, segundo o PSG-EG unha escandalosa corrupción ligada á suspensión de pagos de Guvasa, con impagos en Vigo de centos de millóns de pesetas e a existéncia dun fraude de 100 millóns de pesetas da Empresa Mixta, presidida por un concelleiro do PSOE.

Manuel Soto apresentou unha resolución, fora da orde do dia, que non pudo ser estudada, pola que a parte privada da Empresa Mixta con só cinco millóns de pesetas de capital na sociedade pode lograr a escandalosa cifra de 600 millóns de pesetas, como indenización pola renda de 4.O15 m² de locais comerciais de Rivera Atienza, cando, afirma o PSG-EG "realmente deberan responder dos fraudes aparecidos na Empresa Mixta e na própria Guvasa".

A disculpa aducida polo mandatário vigués foi que a Xunta faráse cárrego das 370 vivendas, pero non quere asumnir ningunha responsabilidade legal derivada da suspensión de pagos de Guvasa e da quebra da Empresa Mixta. □

■ **Fidel Castro á Galiza.** Vários centos de cidadáns galegos asinaron un escrito promovido pola *Asociación de Amistade Galego-Cubana Francisco Villamil* para reclamar a visita oficial á nosa nación do presidente da República de Cuba Fidel Castro. No escrito que asinaron traballadores, sindicalistas, industriais, políticos e profesionais de diversos campos, lémbrase o trinta aniversário da Revolución como data de honra e exemplo para os paises todos do mundo que loitan pola sua liberación. "As victorias da Revolución cubana contra das dificuldades materiais e a inxustiza non alcanza únicamente ao próprio país senón que se prolongan no exercício dunha solidariedade activa con todo o mundo da que o povo cubano deu probas ao longo de toda a sua história". Desda a Galiza os asinantes queren acelerar esta comemoración cunha invitación a Fidel Castro para que poida realizar o desexo repetidamente expresado de visitar a terra dos seus pais que é a sua terra de adopción. □



Manuel Gens

'As nosas deficiéncias en telecomunicacións só se poden resolver coa intervención de Unión-Fenosa'

■XAN CARBALLA

Manuel Gens, Director Xeral de Meios de Comunicación do governo galego, afirma que o atraso de Galiza en matéria de telecomunicacións pasa pola liberalización do mercado e a perda do monopólio por parte de Telefónica, que segue a ter a Galiza como "furgón de cola dos seus plans'. Gens tamén se refire ás expectativas da sua formación política, o PNG, cara o futuro.

Cales son os problemas principais con que se enfrentan vostedes en termos de telecomunicación na Galiza?

Cando chegamos non habia nengunha norma nese sentido. Froito da preocupación nosa afrontamos un novo artigo para que o marco competencial contemplase a coordenación das disposicións que nesa matéria puidese realizar a Xunta de Galicia. Feito isto o primeiro foi estudar a situación obxectiva que tiñamos que abordar, e fixémolo en colaboración cos enxeñeiros galegos que traballan neste eido. Detectamos un grao importante de deficiéncias de infraestrutura, de todos coñecidas, e tamén unha série de pequenos illotes ben dotados, competéncia dos organismos da Xunta e do Estado que se tiñan dotado dun equipamento próprio que se fai preciso coordenar (radio e televisión galegas, proteción civil, forestal, a rede de vixiáncia da Consellaria de Pesca,...). Os estudos que se realizaron para avaliar as necesidades do Programa Star tamén permitiron ollar que as caréncias de servícios avanzados de telecomunicación son evidentes. As posibilidades do Programa Star para Galiza van permitir o aceso a infraestruturas e meios técnicos que doutra maneira dilatarianse no tempo.

'A CONCEICIÓN MONOPOLISTA DAS TELECOMUNICACIÓNS CASA MAL COS IMPULSOS QUE VEÑEN DOUTROS PAISES'

Estas avaliacións póñennos na realidade das telecomunicacións no noso país, un problema que non ten unha especificidade galega só: hai falla de equipamentos pero tamén hai un problema de filosofia. A conceición monopolística das comunicacións no Estado casan mal cos novos impulsos que veñen doutras sociedades. A telemática estase a convertir nun dos sectores básicos da construción económica europea e vai ir a máis cando esté vixente a Acta Única Europea a fins do 1992.

Se un dos problemas nosos é de vertebración política, social e económica entre a Galiza urbán e industrial e a rural, un dos grandes retos pasa necesariamente por artellar as telecomunicacións, e mentres teñamos miles de núcleos de povoación sen liña telefónica básica é moi difícil facelo,... ainda que tamén é responsabilidade nosa.

O Programa Star supón un importante avance. Mandáronse perto de 600 dossieres informativos ás empresas e están apresentados para subvención 67 proxectos empresariais dos que 37 están aceitados por un importe de case 1.500 millóns de pesetas. O importe total das peticións apresentadas supera os 3.200 millóns. Os xestores do Programa Star quedaron sorprendidos da sua aceitación e demanda o que demostra que a sociedade galega, cando ten aceso á información sobre a importáncia dunha iniciativa deste calibre, que se centra nas chamadas comunicacións avanzadas — normais en moitas sociedades: fax, correo electrónico, bases de dados, audio-conferéncias,....—, a sociedade responde e rompe os esquemas preconcebidos.

O impulso empresarial existe, o que está por ver é se quen ten que dar os servícios finais vai ser respostar, e tennos que preocupar se o monopólio da Telefónica vai ser capaz de atender a demanda.

Fálenos tamén do dia a dia dos usuários, os grandes problemas no uso cotián do teléfono e elementos asociados.

Hai tres grandes retos para o monopólio público: o plan "Salvar Madrid", Barcelona-92 e Andalucia-92. Sabemos que as necesidades de telecomunicacións de Galiza nos próximos anos experimentarán un crecimento exponencial e o feito de que o sistema de comunicacións esté en máns dunha única empresa participada polo estado parece confirmar que non ten capacidade abondo para asumir ese reto. O esforzo que desde o sector privado se pode facer merece ser tido en conta e pode servir de acicate para que o monopólio entre no cenário de competéncia que é o que precisa o sector competitividade.

Se a eficiéncia de 60 millóns de postos de traballo, na CEE, no futuro van depender directamente do bon funcionamento de todos estes novos sistemas estamos obrigados a que as administracións autonómicas asumamos unha responsabilidade nese terreo e non botemos só a culpa a Telefónica. É un problema xa de todos e máis de quen asumimos responsabilidades nese terreo. No Plan de Desenvolvimento Rexional adóitanse liñas inversoras no desenrolo tecnolóxico das comunicacións o que é comunicarnos tamén co reto europeu.

Só estamos falando dun ano de traballo e temos xa contacto, po

'O IMPORTE TOTAL DAS PETICIÓNS GALEGAS APRESENTADAS PARA O *PROGRAMA STAR* SUPERA OS 3.200 MILLÓNS. SUPEROU AS PREVISIÓNS DOS RESPONSÁBEIS DO PROGRAMA'

'60 MILLÓNS DE POSTOS DE TRABALLO NA CEE DEPENDERÁN DAS TELECOMUNICACIÓNS'

exemplo, con empresas do sector eléctrico, que coa introdución masiva da fibra óptica poden ter disponibilidades importantísimas para acelerar a instalación das telecomunicacións. A Consellaria de Presidéncia xa suscribiu un convénio, nese senso, coa Unión-Fenosa.

Que capacidade de executar e de acelerar proxectos concretos ten a Xunta?

Nós mantemos várias reunións semanais con empresas relacionadas co sector e outros grupos interesados en coñecer os nosos problemas tendo en conta a crecente liberalización do sector. Por outro lado temos apresentado un proxecto marco sobre as liñas de colaboración con Unión-Fenosa, e toda unha estratéxia de actuación con diferentes grupos empresariais para conseguir unha boa rede de telecomunicacións nun prazo razonábel que eu vexo duns 4 ou 5 anos.

Agora ben: se Telefónica vai dirixir os seus esforzos cara outras zonas, nós non plantexaremos unha política de agresión pero si manteremos unha política de alternativas. Nós entendemos que hoxe non se xustifica tecnoloxicamente que un cidadán non teña acceso a unha liña telefónica e un cidadán galego quer solucións concretas paa iste problema e non palabras bonitas. E eu penso que Telefónica debia sentarse co Governo galego, non só a nível político, tamén técnico, e mostrar os seus plans para ver se son axeitados, se requiren apoio doutros organismos, etc... Se a LOT fala de liberalización non pode ser que a estrutura pechada do monopólio impida a colaboración doutros grupos dispostos a facer grandes investimentos que saquen ao noso país do seu atraso nesa matéria.

En definitiva: débese redifinir o marco e as reglas de xogo e nese senso aposto por unha crecente liberalización do sector de telecomunicacións

'TEMOS ELABORADO UN PROXECTO MARCO SOBRE AS LIÑAS DE COLABORACIÓN CON UNIÓN-FENOSA E UNHA ESTRATÉXIA DE ACTUACIÓN CON DIFERENTES GRUPOS PAR CONSEGUIR UNHA BOA REDE DE COMUNICACIÓN NUN PRAZO DE 4 OU 5 ANOS'

Como afecta a eses plans a hipotética mudanza no Governo despois do próximo Decembro?

En termos de país hai que estabelecer prioridades. Se estes proyectos se sustentan en estudos, análise e investigación por parte de técnicos e científicos, non se deben cambiar os plans. Pódense procurar liñas alternativas —se acordos cun grupo ou outro— pero as nosas deficiéncias en materia de telecomunicacións na Galiza só se poden resolver coa intervención de Unión-Fenosa, e senón que se me dé outra alternativa. Cantas empresas poden chegar á povoación que eles chegan hoxe? Quen pode ter as canalizacións que eles teñen para a condución de fibra óptica?

Mais contestando á pergunta: mesmo se pode chegar a un acordo marco con Telefónica. Agora ben, cando un enxeñeiro ligado á empresa di con claridade que Galiza segue a estar no furgón de cola das Telecomunicacións nos plans de Telefónica, temos que tomar unha postura de rebeldia e de procura de apoios nos sectores que estén interesados na liberalización das telecomunicacións.

Coa concesión inmimente das licéncias para a televisión privada ponse de actualidade outravoltâ a necesidade, xa discutida hai meses, do aluguer da rede de repetición dos sinais, da TVE. A TVG ten a sua propria rede de enlaces, ten senso esa repetición de funcións?

Galiza ten a sua própria rede e se asi non fose vez de terse criado no 1985 a TVG ainda agora estariamos falando dun proxecto. Aquela foi unha gran decisión a criación dunha infraestrutura própria, sobretodo porque ademais serve para facilitar outros servícios á sociedade galega. O acordo con Unión-Fenosa non se teria feito sen unha estrutura básica de telecomunicacións que se posibilitou entón. É un esforzo que pagou e paga a pena facer porque en combinación con outras redes e integrándoas entre si podemos dar un gran paso adiante nas nosas telecomunicacións.

E non se pode rendabilizar economicamente?

Se imos pola via de explotación dos novos servícios debiase criar unha empresa mixta da Xunta con outra entidade. É posíbel e negociábel para obter as licéncias correspondentes.

Nunha entrevista co *A Nosa Terra* Xavier Alcalá falaba de que criar unha emisora de onda corta que dese cobertura a un importante público galego na Europa é factíbel. Haberia só que tomar decisións políticas.

Tecnicamente non haberia nengun problema para criar esa canle. Xuridicamente pode habelos segun se interprete a LOT por ser o espácio radioeléctrico internacional, pero todo é negociábel. A Dirección Xerl de Meios de Comunicación está volcada a darlle un impulso á rádio galega nesa orde técnica: a fins de Agosto vai chegar con grande calidade de sinal ao 100% dos galegos e para o ano 91 estamos estudando o traslado do edifício da rádio galega a San Marcos, onde teria unha nova infraestrutura tecnolóxica para permitir un segundo programa en galego... se así o desexa a vontade política.

'LEGALMENTE O NOME REXISTADO É RADIOTELEVISIÓN GALICIA. O CÁMBIO PARECE UN INTENTO PUBLICITÁRIO DE RELANZAMENTO'

O cámbio de denominación da RTG por Rádio Autonómica Galega parece que pode ter problemas legais.

Legalmente o nome rexistado é Radiotelevisión Galicia, iso non ten volta de folla. O cámbio parece máis un intento publicitário de relanzar a emisora e esas decisións débeas explicar o responsábel do meio. □

XAN CARBALLA

'O PNG está en condicións de facer un xesto de grandeza para conseguir unha grande forza nacionalista moderada'

Vostede tivo cargos de responsabilidade no PNG. Cara ás eleicións autonómicas insístese, en moitos círculos políticos, na necesidade de confluéncia entre o seu partido e Coalición Galega.

Nunha pergunta non dá tempo a facer un percorrido do iter político desde que son eliminado do Executivo do PNG o 5 de Xuño do 1988, nen paga a pena porque son feitos políticos que aceitamos con elegáncia. Eu traballei arreo para que o partido tivese arraigo social e político na Galiza e hoxe hai factores que condicionan o seu papel na sociedade galega. Hai unha necesidade de redefinición do que é o cenário e as liñas mestras do nacionalismo galego no conxunto —as propostas Camilo-Beiras ou a oferta do PNG— evidéncian que a análise após as eleicións europeas esixèn a apertura dun debate sobre o nacionalismo galego.

O PNG defínese nos seus estatutos como liberal e progresista e con afondamentos de carácter socialdemócrata no económico. É unha ideoloxia compatíbel e asumíbel dentro dunha orde de ideas de nacionalismo moderado. O que podemos chamar centro-esquerda. Nese espácio político está tamén Coalición Galega que quer cobrir un campo nacionalista conservador, moderado. Noutro campo estria a esquerda nacionalista co PSG-EG e a conceición frentista do BNG. Neste cenário topográfico afrontamos unhas eleicións europeas con partidos bascos e doutras zonas do Estado e no caso do BNG en solitário cuns resultados imortantes entro dos resultados do nacionalismo galego. Esto é un ponto de inflexión moi importante e débese considerar porque foron a seis meses vista das autonómicas, ainda que só seña polo impacto psicolóxico.

'O PROBLEMA É SUSTANTIVAR, E NON DIFERENCIAR, OS LOGROS DO PNG NA XUNTA'

A situación é preocupante. O nacionalismo moderado galego acumulou uns 40.000 votos (PNG e CG) e os case 60.000 restantes foron para o nacionalismo de esquerdas. Isto fainos reflexionar moito e desde o 15 de Xuño pasaron por este despacho decenas de militantes do PNG preocupados polas dificuldades de facer chegar a nosa mensaxe de partido e no governo á sociedade galega. Quizais o problema sexa máis problema de sustantivación dos logros políticos máis que de diferenciación do labor do PNG na Xunta. E ise debe ser o noso gran esforzo: sustantivación dos logros, ideas e proxectos do PNG na Xunta.

Eu son un militante de base e coido que afrontamos as autonómicas como un reto importantísimo e o partido ten que loitar por permanecer no cenário político e coido que hai un obxectivo fundamental, e no tempo que queda hai que traballar para que o partido permaneza no marco parlamentário galego. Iso é posíbel pero deberia facerse unha aposta de grandeza polo nacionalismo na Galiza. A sociedade galega demanda xestos de grandeza, a recuperación de certa estética no diálogo político, e o PNG está en condicións de facer un xesto de grandeza para conseguir a criación dunha grande forza nacionalista moderada na Galiza. Ise é un obxectivo histórico e eu estaria disposto a sacrificar o que fose porque Galiza tivese unha grande forza nacionalista moderada.

PRAIA

M. VEIGA

Johnny Rotting, vocalista de Rádio Oceano ou Xosé Manuel Pereiro, na sua outra personalidade de xornalista, ódia a praia. Só chantou as suas botas na area de Riazor para fotografiar cos demais compoñentes do seu grupo de rock, envoltos no uniforme de chupas negras. Manuel Forcadela, poeta, con tendéncias líricas, máis cercano a Bach que a Sex Pistols, non pon os pés en Samil, nen sequer para fotografiarse.

Tampouco son os únicos que ódian a praia. Para os demais, para a maioria, os areais galegos son un hábito relaxante e feliz. Eu nunca ouvín a ninguén dicer "Uf, que aburrimento hoxe na praia" ou "vaia muermo, tres horas deitado sen nada que facer". E, sen embargo, nas praias, mesmo nas máis masificadas, os cidadáns túmbanse sen facer nada, demostran a sua capacidade para relaxarse, para ser felices, ainda sen automóvil, sen alcool, sen televisión, sen velocidade, sen *stress* sen ter que pagar por facelo. Na praia mestúranse as clases sociais, xa o decia Quino en Mafalda: en slip todos somos iguais; difuminanse as províncias, os de Ourense cos de Vigo, os de Lugo cos de Coruña; desaparecen os artificiais compartimentos entre mozos e vellos entre urban e rural. A xente, semiespida reconcíliase co seu corpo. Na praia pésie ao número, case ninguén molesta, en poucos metros os cidadáns conviven baixo formas próprias e diferentes: uns xogan á brisca, outros len ou escoitan música, alguns báñanse e outros construen figuras de area.

Na praia demostramos que ainda somos persoas. Non por casualidade os madrileños se ofenden cando escoitan aos *Refrescos*: "Vaia, vaia, aqui non hai praia". □

libraria couceiro

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

Praza do Libro	República El Salvador, 9
Tel. 26 63 77	Tel. 56 58 12
A CORUÑA	SANTIAGO

FREEDMAN

Bush chama a combater a desmoralización e a criminalidade

Os norteamericanos alármanse ante a situación do seu próprio país

■ JUAN MARRERO (C.I.)

Un asesiñato cada 15 segundos, o consumo do 69% da droga producida no mundo ou a existéncia de 30 millóns de analfabetos ameazan xa á comunidade norteamericana coa desintegración e a desmoralización de amplos sectores. O poder político é conscente de que algo moi grave está a ocurrir e pon en perigo non só a própria estabilidade do país, senón a de todo o mundo onde os Estados Unidos teñen influéncia.

Donald Trump aparece a cotio nas páxinas da prensa norteamericana. Non se trata dun político, dun artista ou dun atleta. É un dos que, nos últimos anos, ingresaron na selecta lista dos multimillonários. A sua fortuna estímase en ao redor de 3 mil millóns de dólares, resultado das suas operacións no xogo: controla hoteis e casinos en Atlantic City e na rexión oriental de Las Vegas.

A revista *Time* (16 de Xaneiro de 1989) dedicou tres páxinas a contar a história deste superprivilexiado do capitalismo estadounidense; do seu emprendedor carácter, da sua vida cómoda, das suas afeizóns, caprichos e extravagáncia.

O seu entretenimento favorito —ainda que non o único— é construir palácios e castelos. Asi, posee un pazo na Quinta Avenida de Nova Iorque que ten unha sá de 23 metros de longo, cunha fervenza e columnas de marmol labradas a man... o teito adórnano molduras de ouro de 25 quilates. Non satisfeito con iso, tamén edificou no centro de Manhattan a torre Trump, un xigantesco rabuñaceos, e quedouse co *penthouse*, o piso 68 e a meirande parte dos pisos 66 e 67 para vivir el e a sua dona. Outras vivendas similares poseen fora de Nova Iorque. E unha flotiña de helicópteros e avións. E o iate Trump Prince que lle costou 29 millóns de dólares con tuberías de ouro no baño.

'AO REDOR DE 40 MILLÓNS DE NORTEAMERICANOS VIVEN NA POBREZA E 30 SON ANALFABETOS'

Trump é un dos norteamericanos —só médio cento entre 240 millóns de persoas— que posue unha fortuna superior aos mil millóns de dólares.

A realidade actual dos Estados Unidos non é a que simbolizan estes superacaudalados. Son, no último caso, expresión do resultado dun inquérito feito pola empresa Gallup en Marzo deste ano: seis de cada dez estadounidenses opinan que aumenta a fendedura entre ricos e pobres.

Esta ampliación da desigualdade é o que caracteriza tal sociedade. Certamente medrou o número de millonários: en 1948 habia 13 mil; trinta anos despois eran 250 mil, hoxe son un millón. É tamén onde medrou máis axiña a pobreza e a miséria: ao redor de 40 millóns de persoas viven hoxe en tal situación; para eles o *sono americano* segue a ser unha utopia inalcanzábel. Son aqueles que andan rulando polos ghettos negros de Nova Iorque e pola periféria das grandes cidades industriais percurando pillar algo no lixo.

Bactéria mortífera

A droga considérase o problema número un. O presidente George Bush calificouna de "bactéria mortífera". Os norteamericanos consumen o 69 de todas as drogas ilícitas producidas no mundo. Hai ao redor de 30 millóns de drogadictos e 90 millóns de persoas que, polo menos unha vez, probaron unha droga. Isto ten propiciado que os Estados Unidos se convertisen no principal receptor do narcotráfico. Ali organízanse as redes para introducir drogas ao país (en particular a cocaina).

Nengun eido ou capa da sociedade norteamericana escapa á epidémia dos narcóticos. Os nomes de congresistas e funcionários públicos, oficiais e soldados, policias e detectives, artistas e deportistas, estudantes e mestres, magnates industriais e comerciantes, ricos e pobres, aparecen mencionados en liortas por asuntos de drogas.

'EN USA CONSÚMESE O 69% DAS DROGAS PRODUCIDAS EN TODO O MUNDO'

O vizoso mercado norteamericano fixo posíbel que xurda e medre desmesuradamente o tráfico ilegal de drogas, organizado e controlado pola máfia con todas as técnicas dunha gran empresa transnacional que sobrona e corrompe a campesinos produtores fóra das fronteiras dos Estados Unidos, a policias, a autoridades xudiciais, a liñas aéreas e marítimas, a axentes de aduanas e, mesmo, a governos. Cóidase que o mercado de consumidores de Estados Unidos deixa gañáncias por máis de 100 mil millóns de dólares.

'A PRÓPRIA PRENSA NORTEAMERICANA CALIFICA A WASHINGTON COMO A CAPITAL DO CRIME. NOS DOUS PRIMEIROS MESES E MÉDIO DO ANO PRODUCIRONSE ALI 118 ASESIÑATOS RELACIONADOS COA DROGA'

A axéncia UPI (15 de Xaneiro de 1989) divulgou: "As drogas ilegais convertéronse no principal sustento da economia do estado de La Florida, facendo chegar ao corazón financeiro desta entidade máis de 6 mil millóns de dólares anuais. Se o problema da droga quixera eliminarse dun dia para outro, dixo o *St. Petersburgo Times*, "a economia de La Florida caeria nunha perigosa picada".

Criminalidade e comércio de armas

O consumo desmedido e xeralizado de drogas ocasionou tamén un medre da criminalidade. Este é hoxe o problema número 2 para o governo de Washington.

Ali mesmo, nas proximidades da Casa Blanca, síntense os efectos. En Washington, á que a própria prensa norteamericana califica de "capital do crime", houbo nos primeiros dous meses e médio deste ano 118 asesinatos relacionados coas drogas. En Nova Iorque, onde hai ao redor de 200 mil drogaditos, estímase que que o 25% dos crimes, roubos e asaltos a man armada están relacionados coas drogas. En Los Angeles, Chicago, Miami e outras cidades a situación non é diferente. A xente honesta vive nun clima de inseguridade, temores e preocupacións. Os delincuentes, aproveitándose da filosofia do libre comércio, mercan en tendas —coma se fose roupa ou zapatos— sofisticados armamentos, fusiles e pistolas automáticas.

O governo, neste caso, tamén está entalado polos seus próprios intereses e compromisos cos mercaderes de armas. As solucións que emprende son mornas e limitadas. Oponse ao control das armas porque iso vai en perxuicio de

'O COMÉRCIO DE DROGAS É O PRINCIPAL SUSTENTO DO ESTADO EN FLORIDA'

'EN NOVA IORQUE EXISTEN 200.000 DROGADITOS'

fabricantes e comerciantes estadounidenses.

Hai outro fenómeno vencellado a este, sobre o que os sociólogos e psicólogos veñen chamando a atención desde hai anos: a nociva influéncia da televisión na formación de persoalidades criminais. Investigacións efectuadas sinalan que aos 13 anos de idade un neno presenciou por Tv. uns 18 mil asesinatos, que van desde os xeitos máis sofisticados de aplicar venenos até as matanzas máis cruas e salvaxes.

Como animais na gaiola

Derivado de todo o anterior xurdeu outro grave problema: a superpovoación dos cárceres. Os Estados Unidos ocupan o segundo lugar no mundo, detrás de Sudáfrica, no número de presos. No 1987 habia 530 mil reclusos purgando as suas penas nas prisións federais e nas dos estados. Ao goal que a conta bancária de Trump, ese número medrou e no 1988 xa sobrepasaba os 600 mil. Os cárceres están ateigados. *The Guardian*, de Nova Iorque (17 agosto de 1988) publicou: "Son novas pobremente ventiladas. Un forno no verán e unha neveira no inverno...".

O 90% dos reclusos, segundo declarou Allen F. Bread, presidente do Consello Nacional para o Crime e a Delincuéncia, "están como animais engaiolados e voltarán á sociedade con tanta hostilidade envenenada e odio que de contado o han facer sentir nas ruas". Nas cadeas norteamericanas vívese en condicións infrahumanas e indignas, do que, excepcionalmente, se ten feito eco Hollywood con filmes como *Brubaker*, que amosan con dureza a extrema degradación que sofren os máis elementais direitos humáns nesas institucións.

'CON 530.000 RECLUSOS NO 1987 OS ESTADOS UNIDOS OCUPAN O SEGUNDO LUGAR DO MUNDO EN NUMERO DE PRESOS, DETRÁS DE SUDÁFRICA'

Delincuentes e presos políticos (condición esta última negada polos Estados Unidos en todos os casos) conviven nas prisións denominadas de máxima seguridade. Asi, na penitenciaria de Marion, superpovoada nun 50%, hácha se o dirixente índio Leonard Peltier, falsamente acusado e condeado pola morte dun axente da policia política (FBI). Na de Lexington están Alejandrina Torres, Susan Rosemberg e Sílvia Barandini, loitadoras pola independéncia de Puerto Rico. A John Harris, un obreiro negro que foi levado a prisión en 1970 por terse atrevido a mudarse a un distrito para brancos en Birminghan, condenouselle posteriormente a cadea perpétua ao involucralo nun motin no cárcere no que morreu un axente da penitenciaria. Todos eles son tratados como verdadeiros delincuentes.

A povoación negra representa o 12% do cadro demográfico dos Estados Unidos, pero un 46 por cento dos reclusos son negros. Un corresponsal de Prensa Latina perguntou o ano pasado á coñecida avogada J. Susler a razón e a sua resposta foi: "Porque a realidade xudicial fai que a lei sexa máis severa cos negros que cos brancos. Parece mentira, pero un branco que rouba é alguen que se trabucou, un negro que rouba é un porco ladrón. E iso ten un nome: racismo".

Ese racismo exprésase en numerosas esferas da vida: nos empregos, nos salários, na educación, ná asisténcia nos hospitais, nas vivendas... En Xaneiro deste ano, por exemplo, houbo tres dias de violéncia racial en vários distritos de Miami.

BAILAR EN BROOKLYN

M. VEIGA

Van destruir o Brooklyn Center. O Consello Escolar decideu eliminar o vello instituto dun bairro histórico que tende a desabitarse de contado. As estadísticas informan do ascenso fulgurante do número de atracos e consumo de drogas.

Nese ambiente encontra o seu motivo a película *Sing*, unha máis de baile que toma o seu nome do festival colexial que anualmente se celebra nos institutos de Brooklyn. "Non podemos evitar que eliminen o instituto, pero conseguiremos celebrar o último festival", sinalan pais e director.

Os guionistas de Hollywood non fuxen da realidade: tómana, para logo exorcizala co baile. Non cabe a protesta, pero si a sublimación, através desta enésima edición de "Fama", versión para sociedade de bairro en crise. Os alumnos son cacheados ao entrar no centro. A fauna escolar semella un fresco realista de xóvenes delincuentes. O clima do bairro —tendas pechadas, trauseuntes pobres e neve por todas partes— non pode ser máis expresivo. O festival de *Sing* integra por última vez aos habitantes do bairro, do mesmo modo que a coreografia metaforicamente escollida: Os habitantes de *Atlantida* que cantan ledos antes de fuxir cada un nunha dirección. Broklin desaparecerá como a Atlántida.

Os guionistas son os ideológos da sociedade moderna norteamericana. Ninguén coma eles soubo olfatear as crises. Coñecen os mecanismos de loita de clase probabelmente mellor que alguns obsoletos ideólogos do socialismo real, só que a sua función é a de amortiguar a revolta, por exemplo con baile. Un baile bonito e ben filmado, pois doutro xeito non seduciria e a maniobra ideolóxica resultaria un fracaso, ainda que as coreografias non fagan máis que repetirse desde *West Side Storie,* nun síntoma máis da seca dunha sociedade que xa non ten máis alimento que repetirse a si mesma. □

'DELINCUENTES E PRESOS POLÍTICOS (CATEGORIA NON RECOÑECIDA POLO ESTADO) CONVIVEN NOS MESMOS CÁRCERES'

Filosofia dos ricos

O sobranceiro na filosofia do capitalismo estadounidense ten sido que para comer e vivir mellor, a maior parte do resto do mundo debe comer menos —ou non comer— e vivir pior. O saqueo e explotación do Terceiro Mundo, a sua débeda externa, as tasas de intereses, o intercámbio desigual, o protecionismo son alguns dos resortes de aplicación desa filosofia. Dentro dos Estados Unidos esa filosofia ten tamén a sua expresión. Para que haxa 50 multimillonários ou un millóns de millonários que poidan satisfacer os seus caprichos e estravagáncias, como os de Trump, teñen que existir millóns de estadounidenses que non teñan posibilidades de satisfacer sequer as suas máis elementais necesidades.

'OS *HOMELESS* SON OS NORTEMARICANOS QUE NON TEÑEN ONDE VIVIR E EXISTEN ENTRE 2 OU 3 MILLÓNS DELES'

Isto sucede coas vivendas. Hai entre dous e tres millóns de norteamericanos que non teñen onde vivir: son os coñecidos como *homeless*. Deles fálase moito cando chega o inverno, pois deben enfrentar as duras temperaturas nos parques, nos cementérios de autos ou debaixo das pontes.

Os nenos sofren máis que ninguen esa situación. Hai 250 mil cativos sen fogar, segundo cifras oficiais, que asisten irregularmente ou non asisten ás escolas. *Newsweek* (30 de Xaneiro de 1989) contou unha história terribel: no verán pasado Kitty e John Montgomery trasladáronse cos seus cinco fillos de Arizona á área de Boston. Ao non atopar vivenda acamparon nun parque estatal e decidiron matricular aos seus nenos nunha escola local. Pero o comité escolar de Hingham negouse a aceitalos, alegando que os nenos acampados non teñen o direito de ir á escola. A información da revista non aclara se eses nenos eran negros ou doutra minoria discriminada, ainda que probabelmente sexa asi.

Outros dados poderian engadirse a esta panorámica: Nos Estados Unidos existen 30 millóns de analfabetos; enfermar supón endebedarse para sempre, os vellos non reciben o trato axeitado e dos 120 mil casos de SIDA que hai no mundo, 88 mil están nos Estados Unidos.

A traxédia é de tal magnitude que os presidentes de Estados Unidos non poideron evitar referirse a isto nas suas mensaxes inaugurais. Anteriormente fixoo Reagan. Agora faino Bush con estas palabras: "Temos un traballo que facer... están os que carecen de fogar, os nenos que non teñen nada, a desmoralización que reina nos bairros miséria... está a criminalidade que hai que vencer". □

'SÓ O 12% DA POVOACIÓN É NEGRA, PERO SON NEGROS O 46% DOS RECLUSOS'

■ **Empresários contra o governo sandinista.** Provocar a irritación do povo agravando os problemas da vida cotián e promover conflictos que encirren a convivéncia, é o novo obxectivo de cara a desastibilización da situación interna de Nicarágua antes das votacións de Febreiro próximo. O embargo económico norteamericano non só continua senon que o vicepresidente Quayle, nunha recente xira por Centro-América (da que excluira previamente a Managua) asegurou que manteria ao pais *aillado*. Pola forza de esta táctica, os Estados Unidos din que poden presionar ao governo sandinista para para que cumpra co plan de paz de Esquipulas. Cos seus poderosos médios de difusión, Washington agacha que o único pais que cumpriu polo de agora as condicións todas do Plan de Paz para Centro-América foi a propia Nicaragua . Un seitor importante dos empresários nicaraguanos quere recusar as oferta de concertación oferecida por Daniel Ortega e anúncia que boicotear a produción. O presidente Ortega avisou contra esta amenaza e dixo que quen tal fixese estaria conspirando contra un grande esforzo nacional que está a realizarse no médio de moitas necesidades. As principais delas están provocadas por Norteamerica que mantén a sua política de embargo e financia á *Contra*. □

■ **A débeda do Leste.** Seis paises socialistas de Europa amais da Unión Soviética teñen unha débeda externa valorada nuns cento trinta mil millóns de dólares. Segundo dados facilitados pola comisión económica da ONU para Europa, esta débeda está distribuida por diferentes paises do Consello de Axuda Mutua Económica (CAME) dacordo coas seguintes cifras: a Unión Soviética, 40.100 millóns de dólares; Polonia, 38.700; a República Democrática Alemá, 19.100; Hungria, 17.000; Bulgaria, 6.900; Checoslováquia, 5.200 e Rumania 3.100. O índice de liquidación ou capacidade para cumprir a tempo os compromisos de reintegro da débeda é alto segundo o informe do Banco de Contas Internacionais e só suscitan preocupación as cantidades debedadas por Polonia, que ten que reservar os ingresos por exportación de 4,35 anos para pagar a débeda exterior, e Hungria, con 2,88. Para os outros paises debedores do Leste a correlación é a seguinte: Bulgaria, 1,8 anos; a República Democrática Alemá, 11,5 meses; Checoslovaquia, 8 meses; e a Unión Soviética, 5 meses. isto quere dicer que nengún pais do área socialista está baixo presión de pagar de contado a sua débeda externa. □

■ **Os narco estados.** En Maio do ano pasado, o xuiz de Honduras M.A. Izaguirre dixo que o país estaba de feito convertido nun narco-tráfico. O que tentaba suliñar o maxistrado e que atividade do matute das drogas compromete a funcionários civís, militares e policias. Son moitos e espectacularmente coñecidos os casos de penetración do narco-tráfico nos estamentos políticos de toda Latinoamérica. O próprio presidente de Costa Rica, Óscar Árias, confesara en público que o tráfico de drogas contribuira á campaña da sua eleición. O canciller de Costa Rica, Rodrigo Madrigal declarou que descobreran no pais a vários funcionários relacionados co narco-tráfico. O dirixente sandinista Bayardo Arce lembrou que a CIA colaborara co narco-tráfico para apoiar aos mercenários da garda somocista que operan no interior de Nicarágua. □

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente:** Antón Fernández Sánchez. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretário:** Fernando Cuñarro. **Vogais:** Ramón Fernández, Cesareo Sánchez, Eloi Villada, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Carlos Xoan Díaz, Xoaquín Acosta, e Manuel Veiga.

Director: Alfonso Eiré Lopez.

Redacción: Manuel Veiga, Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa.

Correspondentes: Sabela Foxo e Antón Prieto (A Coruña), Hernán Naval, Inma Eiroa (A Mariña), Lois Castro (Ourense), Laxe Grande (A Garda), Xan Docampo, Carmen G. Ares (Compostela), Enrique Sanfiz, Maria Xesus Arias (Ferrol), Francisco Arrizado, Lino Braxe (Lugo), X.A. Suárez (O Condado), Carlos Mendez (Vilagarcia), Pepe Rei (Donostia), Teresa Toda (Madrid), Joan Retana (Barcelona), Gonçalo Nuno (Porto), Manuel Vilar (Londres).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Xesus Vega, M. Chouza, R. Cid, X. M. Aldea, X. Larrosa Vila, Cesar Varela, Xosé M. Salgado, J.A.M., Xesús López Témez, Xoan M. Carreira, Xosé Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xésus Torres, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Carlos Durán, Xesus Cambre Mariño, X.M. Eire, Eric Ducheteau, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquín Agulla, Fernando Carballa, M. Fernández Blanco, Vitor Vaqueiro, Antón Mascato, Xurxo Estévez, Xico Peña, Xoan M. Estévez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco A. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X.X. Piñeiro Cochón, Plácido Lizancos, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos, Bernardino Graña, Carlos Oliveira, L. Casado Cadarso, Miro Villar, Manuel Santiago, Margarita Ledo Andión, X.L. Iglesias.

Fotografía: Anxel Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, E. Reimóndez, Delmi Alvarez, Tachi Castro.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silva, Ferreiro, Fefo, Xulio Galoso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Dirección e Administración: Rúa Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Telefax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

CARTAS

RESPOSTA DESDE CANGAS

Vou contestar á carta publicada no nº 396 de ANT correspondente ao 20 Xullo asinada por Norberto Tabarés únicamente por respeto aos leitores que, enganados na sua boa fé, poidesen ficar cunha visión errónea dos temas tratados na mesma, xa que doutro xeito a tal misiva non mereceria nen ser comentada, en todo caso como monumento ao cinismo ou á total desinformación. O único certo que dí é que a F.P.G. ten manifestado públicamente a sua solidariedade con Paco Rodríguez. O resto é un cúmulo de inexactitudes que paso a clarificar:

1.—Se alguén está cerca de Carlos Luis Rodríguez debe ser precisamente quen recebe loubanzas deste individuo, e agora venme á memória un artigo asinado polo citado "comentarista político" falando da Perestroika de Beiras.

2.—É absolutamente falso e manipulador que se diga que o BNG convocou unha asamblea para informar da situación de Paco, e remítome tanto ao cartel anunciador como á megafonnía da própria orgaización, donde se decia que o acto era para expoñer a sua postura de solucións aos problemas de Cangas e para falar do Dia da Pátria, ou algo asi. Tamén eu afirmo que é unha curiosa coincidéncia coa convocatória dos grupos da oposición municipal, pero en todo caso por parte do BNG, porque a estas alturas e despóis de ano e médio de contínuas asambleas feitas en Cangas pola oposición é lóxico pensar que quen coincide na convocatória é precisamente o BNG, e aproveito para dicer que falsea a realidade cando cita uns supostos pactos horários, e isto poden confirmalo o resto de partidos convocantes, quen asimesmo poderán confirmar tamén a inexisténcia dalgunha proposta de actos de solidariedade con Paco por parte do BNG, o que tamén resulta sorprendente e mesmo sintomático.

3.—Teño que desmentir asimesmo a referéncia á visita de Txema Montero ao cárcere da Coruña, xa que a mesma foi feita precisamente o día 20 de Xullo, despois de que, como todos sabemos, Paco saira xa da mesma.

Nembargantes penso que o firmante, como militante do BNG, é o menos indicado para facer unha acusación deste tipo, xa que é pública e notória a insolidariedade manifestada por esta orgaización cos presos políticos galegos, por activa e por pasiva. Mesmo se teñen dado casos de chamar á desmobilización en actos de apoio a algun compañeiro sindicalista preso. E digo isto con independéncia dos próprios critérios que cada un ten sobre o tema, é dicer, no único e simple senso do termo "solidariedade" tan citado polo firmante.

Finalmente remata a carta con máis confusión ao utilizar unha residéncia que non é a sua. Na próxima, que espero non se refira a temas que descoñece, deberá pór Ourense, ou en todo caso algo asi como "desde o meu posto de observador como visitante ou veraneante en Cangas". Asi os leitores decataránse inmediatamente dos motivos do seu absoluto descoñecemento dos problemas da nosa vila (cito o tema da residéncia exclusivamente no senso de ubicación xeográfica, sen análises de valor).

Espero, e xa remato, que isto sirva para que no futuro teñamos todos un mínimo de seriedade e rigor á hora de dirixirnos á opinión pública. □

MONCHO FERNÁNDEZ
(Cangas)

AVISO AOS LEITORES

Como todos os anos durante o mes de Agosto non se publica A NOSA TERRA. O próximo número do semanário estará á venda o **7 de Setembro**. □

A MATANZA DO PORCO OU DO TOURO?

Canta razón ten Manuel Rivas cando di que diferéncia entre matar un porco na eira e un touro na praza é a mesma que existe entre a civilización e a barbárie.

Hai que ser sádico, insensíbel e déspota para ver e gozar vendo como se maltrata, fire e extermínia a un animal. Concedéselle os atributos da fereza e a bravura. Qué sodes vós máis feros e bravos que os touros?

A matanza do porco é sinxelamente distinta. A matanza do porco é reunión, é xuntanza, é alimento para retomar forzas no camiño, para traballar, para ser.

—O porco é criado-alimentado pola muller (natureza criadora, forza vital e impulsora). Sacrificado polo home (agresivo, dominador e posuidor). É dado aos amigos, parentes e fillos como alimento (facedores de cousas).

A matanza do porco é un ritual morte-vida, onde se mata para vivir. Non se mata por matar. O ritual morte-vida galego é co plleto, mentres que a matanza do touro é un ritual morte-morte.

Os galegos através da nosa cultura non precisamos matar os touros, témolos dominados, sívernos como reproductores e como alimento.

Lembranzas a estes celtas que se xuntaban o carón das lumeiras nas noites de lua, para compartir o alimento-caza-xabarin. Lembranzas tamén aos nobres da Edade Média de pedra.

Saudos aos galegos-galegas desde o mencer galego. □

XAQUÍN NOITE
(A Coruña)

COLONIALISMO CULTURAL

Que o Pregón das Festas de Santiago, ou o Programa-estrela do ano da TVG non teñan o idioma de Galicia como soporte principal de comunicación, que os artistas contratados sexan todos extranxeiros; que se desprecia de maneira tal o que nos é propio, revelan unha vontade manifesta de esnaquizamento cultural, consonte á desfeita institucionalmente organizada da nosa de por si feble estructura económica.

Perante a política colonizadora que, en materia cultural, o PSOE está a practicar dende as distintas instancias que controla na nosa nación, o Clube Cultural Adiante chama ó pobo de Galicia a practica-lo *boicot activo* contra aquelas manifestacións culturais ou seudo-culturais que buscan mostrar como representación de Galicia ("Galicia cara ó mundo") a persoas, cousas ou feitos que nada teñen que ver coa nosa realidae, e moito cos intereses españolistas do partido no poder.

Pedimos ó pobo de Galicia que manifeste contoda contundencia a protesta necesaria, reivindicando o noso idioma e a presencia maioritaria en todo festexo dos nosos artistas. □

CLUBE CULTURAL ADIANTE

HOSPITAL XERAL

Esta Sección Sindical de CC.OO. que ven denunciando desde hai anos a degradada situación de Sanidad, tanto Hospitalária como de Atención Primária, na nosa Área, asiste atónita ás manifestacións á prensa do Sr. Mariño, Director Xerente deste Hospital. Por unha banda alédanos(?) saber que, como recentemente nos sinalou o Xerente, o ministro do ramo lle recoñecia que é esta Área o ponto máis negro da Sanidade en todo o Estado, máis o que nos parece un despropósito é que o Sr. Mariño contradia ao sesudo Sr. Vargas e programe "para mellorar a asisténcia" unha redución de camas no noso hospital. Este sindicato non está de acordo con tal medida como tampouco o están unha gran maioria dos traballadores do Hospital(...)

É palmário o malestar que tal situación produciu nun sector da Xunta Técnico Asistencial (responsábel da Área clínica deste Hospital) quen nen tan sequer foi consultada de tal decisión até que xa foi un feito consumido e se atoparon con camas de menos ou habitacións pechadas. Nós pensamos tamén que este non é un xeito racional nen responsábel de resolver o problema asistencial, máxime cando tal redución non se vai limitar ás camas "cruzadas" senón que se queren retirar camas de habitacións perfectamente dotadas coas suas correspondentes tomas de oxíxeno por mor de que ao Xerente lle parece que son un número excesivo. Por se fose pouco o froito desa sensibilidade social que caracteriza ao Sr. Mariño xa nos adianta outra idea: "Teño a intención de pechar unha habitación por planta para dedicala a sá de xogos para humanizar á asisténcia". Sr. Mariño, expliquelle vde. a eses cidadán con tumores, hérnias, cataratas, varices, valvupatías... que están en lista de espera que seguramente lle comprenderán que é millor esperar uns mesiños máis ou anos porque así, cando ingresen (se chegan aló) poderán xogar ao parchís no hospital.

Sr. Mariño, vostede deberase preocupar máis de facer unha boa xestión para evitar que este Hospital se degrade ainda máis. Desque Vde. está e grácias a súa cegueira e incompeténcia hai servícios con excelentes profisionais e que no seu dia foron de referéncia e que hoxe languidecen por non poder operar; fallan anestesistas (mal endémico deste hospital e que vde. é incapaz de resolver) e bloquéase a atividade cirúrxica en época estival, co cal non hai máis remédio que pór en dique seco a certas especialidades e deixar engordar o que parecen ser as señas de identidade de todo país que considere desenrolado : as listas de espera; o Servício de Urxéncias vese desbordado constantemente por inadecuacións a respeito o nº de usuários que acude ó mesmo e que segun vde. disminue no verán...

Noutro orden de cousas desque vde. está aqui as atitudes antisindicais da xeréncia non teñen paragón. O autoritarismo e ocultismo de que fai gala tradúcese na falla total de información (listas de espera, memória de xestión, contratacións irregulares, hipertrófia de mandos intermédios, proxectos de restructuración do complexo hospitalário...) tendente a obstruilo necesário control e denúncia da súa nesfasta xestión. □

Mª DOLORES GARCIA GARCÍA
(Sección Sidical CCOO-Hospital Xeral de Vigo)

CELSO EMILIO FERREIRO

COMUN TEMOS A PÁTRIA

Á VENDA

Pilar Pallarés

'Na literatura galega hai moito culturalismo gratuito'

■ XAN CARBALLA

Pilar Pallarés é a única poeta galega gañadora, no 1983, do Prémio Esquio con *Sétima Soidade*. Autora de non moitos libros (*Entre lusco e fusco* foi publicado no 1980) a sua obra atópase esparexida en diversos volumes colectivos (*De amor e desamor* I e II) e en revistas nas que colabora (*Festa da Palabra Silenciada, Dorna, Nordés...*). Ten tamén publicado diversos traballos ensaísticos e é coautora dun libro de texto sobre a literatura galega contemporánea.

XAN CARBALLA

Vostede non está fixada en nengun grupo xeracional, agás no libro colectivo "De amor e desamor".

Teño pontos en comun con autores, pero se se quer falar de xeración non o vexo só respeito á poesia. Hai un grupo dunha xente arredor dos 35 anos que fai ensaio, que está no ensino, nas asociacións culturais... e carecemos dunha xeración anterior. Hai un oco importante desde os 40 aos 50 anos, por motivos fundamentalmente políticos e sociolóxicos.

Pódese falar dunha poesia feminina, especificamente?

Iso está admitido convencionalmente, e quizais sexa levar a contrária negalo agora. Hai unha cita de Monique Wittig[1], que eu fago e que está realizada desde unha perspectiva moi radical da que gosto. Nalgunhas mulleres escritoras non hai diferéncia entre o que elas fan e o que fan os escritores homes —cando falo de home-muller fágoo de papel social non de diferéncia biolóxica—. Hai mulleres escritores que fan literatura non sexuada, que podia ser feita por un home, en grande medida porque escrebemos desde unha tradición literária coa que estás dialogando, que estás reformulando e a que nos chegou a nós é basicamente masculina. Leo moita literatura feita por mulleres —e non por unha posición apriorística— e hai excelentes escritoras das que nunca se fala nen se ensinan nas faculdades. Eu comecei a escreber desa maneira, desde unha posición que hoxe en moitos casos non asumo.

Por outro lado hai moitas mulleres que están loitando por unha literatura própria, cunha palabra que teña tamén sexo, que quizais para min non sexa o ideal —penso nunha literatura que anulase as divisións de roles sexuais— pero que é reflexo dunha situación social na que os papeis están asignados rixidamente e iso traslúcese á literatura.

Pero hai un ponto de vista feminino?

Provocado socialmente. O bon da literatura e a arte é que moitos dos grandes criadores subvertiron eses pontos de vista e adoitan perspectivas que anulan esas divisións masculino/feminino.

> 'HAI MOITAS MULLERES QUE ESTÁN LOITANDO POR UNHA LITERATURA PRÓPRIA, POR UNHA PALABRA QUE TEÑA TAMÉN SEXO'

Cando menos está menos exposta a visión das mulleres, e moitas veces son os homes os que a dan.

Eu aspiraria a que non fose asi, pero a literatura debe ser reflexo dunha situación social. Agora estamos nunha sociedade na que todo se asimila e a idea máis subversiva é rapidamente mudada en inofensiva e utilízase para quedar ben: pasa co ecoloxismo, co nacionalismo, co feminismo, e neste último terreo, coa literatura feita por mulleres.

Que dificuldades obxectivas ten unha muller para escreber?

Toda persoa é producto da formación que ten, do que se lle pede, das expectativas que hai. Iso funciona no ensino: se a un alumno o catalogas dun xeito ou outro, así vai sair finalmente. Nas mulleres, polo tipo de formación que se nos dá e o papel que se nos asigna, praticamente a maioria non ten en perspectiva nen ser escritora, nen política, nen enxeñeira, nen facer un traballo público.

Ten reivindicado unha linguaxe con "cualidades sexuais".

Comparaba un pouco a miña posición cando empecei a escreber e agora. Sinalar a consciéncia que vas adquirindo sobre a miña posición como muller, entón falaba así para sinalar a necesidade de ser verdadeira e de reflexar algo que está sucedendo socialmente e non de debe ocultar.

Na sua poesia, hai unha vontade de intelixibilidade, de transparéncia para o leitor, frente a outro estilo máis hermético, con máis referéncias culturais.

Respeito ao culturalismo debo dicer que ódio ás persoas pedantes e librescas, que fan citas cada dous por tres, prefiro en contraposición as persoas sóbrias que non andan facendo alarde nen demostracón algunha da sua cultura. E na literatura outro tanto: hai moito culturalismo gratuito, porque é moi fácil recorrer á beleza e capacidade evocativa de certos nomes —falar de Alexandria, de Constantincpla, de Venécia...—, e estou tomando un exemplo, pero acaba sendo un engano para o leitor e que se fai o próprio autor a si próprio. A poesia debe ser máis radical e máis profunda.

Cando escrebo non penso no leitor, (senón case nen escreberia!), pero concibo a literatura como forma de comunicación comigo mesma, e a poesia axúdame a aclarar, a resolver e aclararme a min mesma. E non me gosta dialogar sen entenderme.

Ainda que non pense no leitor sempre hai presente un *ti* que quizais non sexa unha persoa concreta, pero que si obriga a estar procurando un grau de comunicación.

E como se conxugan esas duas afirmacións sobre a poesia: diálogo interior e palabra para ser dita en público, nas prazas?

Eu non fago esa segunda afirmación: para min a poesia non é para ser dita nas prazas. Pero iso va ligado a características persoais; para min a poesia é un enfrentamento comigo mesma, co que é a vida e a existéncia, coas cousas que máis doen ou impresionan. Iso é o curioso da arte: nace desde a persoa e poden ter unha proxección, positiva ou negativa, no social.

Na poesia amorosa sua hai un referente triste, de desgarro, de auséncia. É algo inseparábel do rexisto amoroso?

Non sempre. O que sucede é que eu son pesimista, vital e tamén teoricamente. Mesmo nas miñas leituras, cando as reflexións sobre o mundo son radicais dás inevitablemente co pesimismo. Pero tamén hai unha poesia do éxtase, e aí está Jorge Guillén, Xavier Seoane,...

Nunha entrevista publicada xa hai uns anos fala das suas pegadas poéticas: Neruda, Celso Emilio, Pimentel...

Non sei até que ponto hai pegadas na miña poesia, pero si ha autores que me impresionan como leitora e supoño que estará na poesia: Alejandra Pizarnick, a prosa de Clarice Lispector —a sua procura da emoción pura e a ruptura mesmo violenta da linguaxe—. Pero non son conscente quizais de quen me influa agora mesmo.

A Celso Emilio refírese como un autor que xa non a impresionaria. Por qué razón?

Foi o primeiro poeta galego que lein en sério hai moitos anos e quedei fascinada. No meu primeiro libro Celso Emilio e Neruda son dunha influéncia enorme. Entre os galegos hai voces que son fundamentais como Rosalia, Cunqueiro e Luis Pimentel, e entre os autores recentes paréceme maravilloso Avilés de Taramancos e Xohana Torres con "Estacións ao mar".

E que é o comun a todos eles que lle identifica?

Como leitora interésame moito a poesia de carácter reflexiva, filosófica, de meditación sobre a existéncia e tamén un tipo de poesia que deixe a un lado a beleza fácil e convencional, o adorno. E iso está presente en moitos dos poemas que me inteiresan, e tamén, tanto na prosa como na poesia, algo que Uxio Novoneira definia xenerosamente sobre os poemas que eu lin nun recital como "extremosidade". É algo que me gosta na literatura que fan os demais: non facer literatura gratuitamente, loitar coas pantasmas chegando ao nervo, ao músculo, o que quer dicer que se pode pasar tempo sen escreber.

E Benedetti como encaixa nese gosto?

É outra liña que me gosta bastante: a poesia do cotián, ben feita. Pero iso enlaza tamén coa poesia reflexiva, de sensacións□

(1) A cita de **Monique Wittig** faise no libro do que é coautora Pilar Pallarés "Literatura do século XX"- "(...)*Escrita feminina* ven significar, xa que logo, que as mulleres non pertencen á história e que a escrita non é unha produzón material. A (nova) feminidade, a escrita feminina, a diferenza, son a volta da manivela dunha corrente política comprometida desde hai tempo no retorno ás categorias de sexo, eses dous grandes eixos de categorizazón para os filósofos e as ciéncias humanas. Como acontece sempre que algo novo aparece, isto ten sido interpretado no sentido contrário. A escrita feminina é como a economia doméstica e a cociña."

Os meus recordos de D. Xaquin Lorenzo

■ XOSÉ GONZÁLEZ ÁLVAREZ

Foi polo ano 67 ou 68 cando tiven a ocasión de escoitar por primeira vez a D. Xaquin Lorenzo Fernández. Foi na festa da árbore, que aquel ano celebraba a A.C. "Auriense" nas escolas de Velle-Ourense. Estaba Nemesio Barxa, como presidente da Asociación e falou tamén D. Xaquin. Fixo a alegoría da árbore que funde as suas raigañas na *Terra nutrícia* para logo erguerse forte ao espácio en *busca da Liberdade*. Esa árbore que é símbolo dunha Galiza que quer afondar no coñecemento da sua identidade para chegar a ser, tamén, unha árbore frondosa e garimosa que poida acoller a todos os seus fillos espallados polo mundo. A árbore como símbolo de esperanza da Galiza que desexamos e que será *o que nos queiramos*.... A emoción acabou por cortarlle o fío do seu discurso. Aquela festa foi para todos nós unha clase de fondo e fructífero galeguismo.

Ise mismo ano 67 comenzouse a celebrar na capela de Sto. Cristo da Catedral ourensá unha misa en galego, os domingos ás 9,30 da mañá amenizada pola Coral de Ruada. Apesar do sacrifício que supuña, o amor ao próprio podía máis que todos os atrancos a que eran sometidas a nosa devoción e fervor galeguista. E alí estaban invariablemente D. Xaquin e D. Xesus Ferro Couselo. Eu confeso que non sempre resistin... as sabas.

E qué ledicia sentia iste que escrebe todos os anos, cando, ao pé dos vellos carballos do Santuário do Viso, en Lobeira, asistia a aquela grande romaria galega, que, cada día de Pentecostés, ali se celebra. Sempre estaba D. Xaquin e a *Coral de Ruada* formando outra vez unha perfecta simbiose. Eles foron os que a resgataron e lle deron novos folgos. O 14 de Maio do presente ano foi a última vez que pudo asistir. Era a sua festa grande. Víase ao home feliz entre tanta xente que se desvivía por falarlle, por agasallalo. Pero quizás, e por ser unha persoa de tan delicados sentimentos e tan exquisita humanidade, tal fez sofrise coa avalancha de certos recordos e de certas situacións da vida actual na Sociedade galega. O caso é que as bágoas afloraban invariablemente e corrían polas suas meixelas cando a *Coral de Ruada* entonaba o himno do lugar: "Hei de volver ó Viso, miña Virxe, mentras viva". Sen dúbida que, como os vellos carballos do Viso, ainda que aparentan vizosos, o seu corazón era de auténtica manteiga.

Nas conversas que puiden manter con el víaselle zumegar por todos os poros da sua alma un enorme amor a todo o que o rodeaba. Todo o que foi obxecto de estudo durante a sua vida seguian mantendo o seu interese. Ainda que era conscente de que as forzas xa non eran as mesmas. Cando unha vez me dixo que tiña feitas sobre a roda do carro tantas fichas que darían para facer un libro, tamén declaraba, non sen certa pena,

(pasa á páxina 19)

DIÑEIRO BARATO para Explotacións Agrarias.

CRÉDITOS EXCEPCIONAIS
D.O.G. 1 - 2 - 89

CONTÍA	INTERESE
Ata o 70% do investimento, cun máximo de 30 millóns.	13% Coas axudas da Xunta de Galicia, ese interese podeche quedar entre un 4 e un 8,5%.

AMORTIZACIÓN

Entre 5 e 15 anos segundo o sector productivo.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA.
Dirección Xeral de Tributos e Política Financeira.

INFÓRMESE NA CONSELLERIA OU NAS ENTIDADES FINANCEIRAS QUE ASIGNARON O CONVENIO.

AFIGAL, S.G.R., SOGARPO, S.G.R.

CAIXA GALICIA, CAIXA DE AFORROS PROVINCIAL DE OURENSE, CAIXA DE AFORROS PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CAIXA DE AFORROS MUNICIPAL DE VIGO, CAIXA RURAL PROVINCIAL DE LUGO,

SOCIEDAD COOPERATIVA DEL CAMPO DE MEIRAS DE R.L.

BANCO ATLANTICO, BANKINTER, BANCO DE BILBAO·VIZCAYA, BANCO CENTRAL, BANCO DO COMERCIO, BANCO DE CREDITO AGRICOLA, BANCO ESPAÑOL DE CREDITO, BANCO EXTERIOR DE ESPAÑA, BANCO DE FOMENTO, BANCO DE GALICIA, BANCO GALLEGO, BANCO HISPANO AMERICANO, BANCO PASTOR, BANCO DE SANTANDER, BANCO SIMEON, BANCO ZARAGOZANO.

***Fausto* (1926) foi o derradeiro filme de F.W. Murnau.**

CINE

Fausto, unha obra muda xenial de Murnau

Formado academicamente nos estudos de Filosofia e Bellas Artes, *Frederich Wilhelm Murnau* (1881-1931) é con Fritz Lang o cineasta máis importante da cinematografía alemana durante o periodo mudo. Despois de ter colaborado nas experiéncias teatrais de Max Reinhardt no "Grosses- Schauspielhaus", Muznan comenzou a sua actividade cinematográfica con "Der Knabe in blau", rodada en 1919 e onde, ademais de permanecer fiel ás formas expresionistas e ao contido "caligariano" da escola xermana, vai deixar xa constáncia do seu abraiante poder expresivo, tanto na utilización de cenários naturais, como no protagonismo da cámara que, a partir deste intre, deixará de ser estática para acadar maior mobilidade e dinamismo. Se ben o periplo expresivo de Murnau sinalou —con Lang, Leni ou Wiene— o comezo do estilo expresionista e logo do "Kammerssppiel" ("O derradeiro", 1925), o certo é que o realizador alemán pronto rachou escolas e estilos coa sua poderosa personalidade, suma de grandiosidade, elevado sentido estético, inxente personalidade visual e absoluto domínio da cámara. O talento de Murnau terá con "Nosferatu, eine Symphone des Grames", a sua consagración definitiva. Rodada en 1922, "Nosferatu" é unha cinta expresionista, mais polo seu guión e o seu espírito, que polos seus decorados, moitos deles naturais (todo o contrário que no expresionismo "puro" onde predominan os decorados, os interiores e os espácios pechados). Catro anos despois e tendo á sua disposición uns meios técnicos e financeiros descoñecidos para aquelas datas, escomenza Murnau a rodaxe de "Fausto", segundo a obra de Goethe, ainda que fortemente mediatizada polas lendas e as tradicións populares. Se en "Nosferatu" a cámara permanecia estática e inmóvil, en "Fausto" —e grácias o talento de Karl Freund, operador e mestre no xogo de luces e sombras, no claro-escuro— esta vai ter unha dimensión excepcional, até tal punto que se converterá nun protagonista máis da acción. Certamente, en "Fausto", onde Murnauaparece liberado de calquer delírio expresionista (a pesares de que nos decorados colaborou Walter Röhrig, un dos membros da equipa de "Caligari") é o emprego da cámara o que ainda hoxe, 64 anos depois, deixa máis abraiado ao espectador. Murnau e Freund oferécennos un sobérbio recital sobre a posibilidade do seu manexo: "colocaca sobre unha plataforma móbil, deslizábase, elevábase, planeaba ou introduciase para todos os lugares no que a evolución da intriga o precisaba" (Marcel Carné).

Pode ser que visto hoxe algunhas secuéncias do filme parezan ridículas, sobretodo nas intimistas e poéticas, pero ninguén deixará de recoñecer que o Fausto de Murran, é o Fausto do cine e que secuéncias como o paseo polos aiores de Fausto e Mefistófeles, interpretados respectivamente por Gósta Eckman e o mónstruo sagrado" Emil Jannings, quedarán sempre máis na miniña do espectador. □

TVE-1- **Domingo 30 - 1,00 horas.**

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

LIBROS

Unha nova editorial galega

"Ediciones Cardeñoso" é o nome dunha nova editorial galega que ven de ver á luz, coa publicación da obra de Lalo Vázquez Xil, titulada "Retricos da historia de Vigo" que foi apresentada na anterior Feira do Libro de Vigo.

Segundo o seu responsábel, o editor e escritor Severino Cardeñoso Álvarez, "a editorial nace co desexo de apoiar aos autores máis novos, sen descriminar a ninguén por non ter gañado prémios, etc." En princípio, a editorial vai editar libros en castellano e en galego, sempre con tema galego. "A nós —sinala Cardeñoso Álvarez— interésanos o contido, o que diga o texto. O importante é que fale de Galiza".

O editor di que "xa levaba moitísimo tempo matinando neste proxecto, e despois de pensalo moito coidamos que é o intre de lanzarnos á aventura editorial. En princípio, que somos capaces de poñer seis libros na rúa antes de que remate o ano, darémonos por satisfeitos". Neste senso, ademáis do libro de Vázquez Xil, pronto sairán do prelo tres tomos co título de "O humor de Mass-media", outro sobre "Os cronistas oficiais de Galicia", e tamén primeiros volumes de narrativa de autores descoñecidos "pero de grande calidade", segundo o editor.

"Ediciones Cardeñoso" vai apostar claramente polo ensaio, algo que non se trata moito na Galiza, especialmente ensaios que falen do ámbito máis rural da nosa terra. Neste senso, a editorial vai contar cun consello asesor de escritores para selecionar os textos.

O editor sinala que "o que menos nos preocupa, é que os libros sexan rendábeis ou non. En princípio, a con que os gastos estexan cubertos sentirémonos contentos. O importante é interesante para a cultura é que o texto sexa atractivo e que aporte algo novo. Hoxe en día proliferan os textos en galego e sobre Galiza, pero non se di nada novo de verdade. Por iso a nós non nos interesa un autor consagrado que diga o que din todos, senón autores máis novos, dispostos a facer ensaios serios".

Ao preguntarlle pola sua opinión respeito ao panorama editorial galego, Cardeñoso Álvarez sinala que en xeral "está bastante ben, e hai editoriais, como por exemplo Sotelo Blanco, que están a arriscar moito económicamente. O mesmo está a facer *Ir Indo*. Nós somos conscientes de que tamén imos arriscar niste tema, pero non nos importa. Do que se trata é de innovar, non tanto desacar libros sen tonm nen son coma de sacar libros interesantes. Por iso, ademáis da narrativa, e mesmo da poesía, interésanos sobre todo os ensaios, as biografias e cousas polos estilo. Despois, se os textos son bós —hai que fixarse por exemplo, no éxito de Armesto Fáginas co seu libro sobor de Cunqueiro— e ainda por riba é rendábel, mellor que mellor".

Ademais da edición de libros en galego, a editorial xa ten anunciado o seu proxecto de facer unha revista cultural de periodicidade mensual, "na que " —di Cardeñoso— falarase sen prexuícios de libros noutras editariais galegas, sempre que sexan bós", ademáis de criar unha série de volumes adicados a homenaxes a autores importantes da cultura galega e non galega".

"Ediciones Cardeñoso" di contar cunha "equipa ilusionada de xente nova disposta a traballar. Do que se trata é de dar apoio a calquera escritor, para obrigarlles así a sacar os orixinais dos caixóns. Eu tamén son escritor e sei o que non ter apoio en ningures".

FRANCISCO CASTRO

MUSICA

Alfonso Grupo: *Água de mar*

Despois de escoitar coa debida atención esta estrea discográfica de "Alfonso GRUPO" suscítase no ouvinte de turno a disquisición verbo do límite no que supostamente confluen as fronteiras do 'light' ou descafeinado e o 'blando' ou elegante. Prefiro optar por estes últimos epítetos, xa que os 'alfonsinos' foron bautizados por alguén como 'príncipes do pop', e coido que acertadamente. Se hai cousa de vinte anos, os poperos de entón recomendaban que 'tienes que volver, porque ya empieza a anochecer'; actualmente dáse por superada aquela etapa, e a declaracións desta caste permiten un amplo abano de posibilidades nas que cabe escoitar mensaxes líricos como; 'devaneo no teu pelo / perguntándome, / a diferéncia entre esta história / e a lúa acurrucándome'; ainda que arroupados por unha música que desvirtúa o seu contido.

Todo parece controlado ao longo das estrias do disco en aras dun certo esteticismo, dunha depuración no son que evita deliberadamente a menor desviación 'heavy' ou calquera outro ramalazo de difícil dixestión; pode ser un prototipo de 'pop' auténtico; apesar dos blancos sonoros que, ás veces, deixan á percusión desasistida do resto da formación instrumental, na que sorprende a presenza dun instrumento tan pouco usual como o vibráfono; o seu intérprete, Carlos Castro, merece as máximas consideracións que se lle poden facer en Galiza aos nosos músicos, e cabe agardar que nun futuro a sua valiosa aportación cristalice en resultados que se viron frustrados coa desaparición do seu ex- grupo: 'Doa', ao que tamén pertenceu outro brilante músico da formación: o guitarrista Rubén Pérez.

Pola sua banda, Alfonso Gómez, parece ter as ideas claras, e optou por ser un continuador da línea 'Golpes Bajos', que tan bos resultados deu no seu dia. De momento esta gravación mereceu o ano pasado o primeiro prémio do 'segundo concurso de maquetas da RTG'.

Entre temas baladísticos na onda 'jazz-rock' e outros máis rítmicos, o disco parece apto para que os adolescentes de hoxe disfroiten nas suas casas co visto bon dos seus pais que no seu dia foron 'ye-yes'. Porén, tamén é recomendábel para os 'yuppies' que buscan certa mensaxe na elegáncia. □

X.M.E.

ARTE

Evocacións do mundo na Casa da Parra

Segundo din os que entenden e viaxan, o mundo é necesariamente monótono, os lugares por máis lonxanos que se atopen semellan idénticos e reiterativos. Existe un território diferenciado, único? De existir ese espácio, non pode ser outro que ao da xeografía da nenez (o real e o máxico), no que todos os sucesos físicos, por mínimos e triviais que podan parecernos despois, son sempre sustantivos. O río visto cos ollos do neno é o río referente para todos os rios posteriores. Endexamais haberá caudal de água, por inmenso, nomeado ou espectacular que sexa, que nos aporte tanto á comprensión do concepto río como o primeiro, sentido é apreciado na sua totalidade.

Probabelmente desde ese estádio individual, mais tamén compartido por teren todos unha nación comun, catorce artistas plásticos e catorce poetas de Galiza, e desde Galiza ainda que moitos deles habían fóra hai anos, abordan a visión e posterior evocación doutros **mundos** na exposición que o comisário Xavier Seoane oferta na Casa da Parra de Compostela. A mostra tén un precedente próximo no número monográfico que a revista *Luzes de Galiza* adicara ás 40 Cidades revisadas por criadores galegos de ámetos diversos. *Mundos* é un percorrido non exaustivo pola plástica contemporánea galega que permite facer un balanzo positivo da situación, neste eido cando menos estamos á altura dos tempos, as propostas son diversas, abertas, técnicamente rigorosas, nalguns casos moi personais e case nunca antropoloxistas. Desde o ponto de vista comercial, pódese afirmar que temos valores consolidados nos mercados exteriores, o mercado interior segue a ser lamentabelmente pequeno e polo tanto non indicativo, e dados os tempos de confusión que vivimos na arte contemporánea a pauta do éxito comercial ven sendo o norte máis fiábel para saberse no camiño correcto. Tamén tendo a seguridade de carecer do grande artista guía para os máis novos e testemuña do galego para os foráneos, temos unha chea de criadores auténticos, que con grande esforzo persoal e pouco apoio institucional/social, están a facer da vontade criativa profesión produtiva, proceso farto máis complicado que atopar a pedra filosofal.

Na exposición están presentes case todos os mundos e famílias da arte galega contemporánea, tamén as xeracións maiores, novas e intermédias. Se algunha auséncia perceptíbel temos que destacar é a dos novos do interior (Lugo e Ourense) que aparecen parcamente representados. Por falar dalgunha obra concreta, eu quedo coa porta pintada de Xaime Cabanas que se chama Euskadi e participa dunha expresividade sóbria, entonada e rotunda. Asimesmo é sobresainte a escultura de Quintana Martelo (a peza da exposición non figura no catálogo) que un permite albiscar o novo tránsito deste sobérbio debuxante traballando nunha síntese de pintura/escultura cun tratamento arriscado dos materiais e un controlado desmedimento espacial. O cadro de Xesús Vazquez é certamente boa pintura, un firme renacemento tras a confusa estapa que atravesaba nos tempos máis recentes. Un aspecto central da mostra é a analoxia plástico/literária que resulta algo forzada e desigual, porén a proposta é obviamente enrriquecedora e pola banda dos poetas non quero deixar de destacar as inspiradas, económicas e tenras liñas de X. Mª Álvarez Cáccamo en *Nausicaa* en Armenteira. □

FERNANDO FERRO

Guia de libros recomendados para B.U.P. e F.P.

galaxia
Reconquista, 1
36201 Vigo
Telf. 432100

Atrevida aventura de dous rapaces, despois de unha catástrofe. Manual de Supervivencia.
800.000 exemplares vendidos en catalán.



A historia de amor dunha parella contada con sinxeleza e tenrura.



Selección de contos de prestixiosos autores galegos.



Un clásico imprescindible na literatura galega.

A análise fonda, chea de matices, dunha alma feminina delicada, intelixente e sensible.



Exquisita colección de relatos que cautivan pola sua sensibilidade.
Unha auténtica revelación literaria.

Nove relatos que contribuen a confirmar a Otero como un narrador excepcional.

O libro máis leido por alumnos de BUP

Colección literaria: a literatura galega

ACTOS

Xociviga

As "Xornadas de Cine Vídeo en Galicia", está en marcha. Desde o 29 de Xullo ao 5 de Agosto, O Carballiño vai ser punto de encontro dunha chea de iniciativas nas que a Imaxe vai a ser protagonista en diferentes variantes como cine, vídeo, fotografía e cómic. Perto de cincuenta longametraxes; vários vídeos; unha exposición homenaxe ao fotógrafo popular, Rizo; unha mostra "Cine e historieta galega"; vários encontros e táboas redondas, van a compoñer o corpo principal destas "Xornadas" que non teñen vocación competitiva nen festivaleira, pero que asumen a necesidade de contribuir na medida das suas posibilidades a unha normalización da Imaxe, neste país, normalización que alomenos actualmente parece ir por vieiros firmes e decididos.

Xociviga extenderáse tamén a outros puntos de Galicia. O ciclo "O trasno da linterna", especialmente adicado ós rapaces, vaise a desenrolar desde O Carballiño a oito cidades e vilas galegas durante agosto e setembro. As diferentes exposicións e mostras desta edición amosaránse posteriormente noutros lugares.

31 Xullo ao 4 Agosto. O Carballiño
14 ao 17 de Agosto. Arnoeiro
28 de Agosto ao 1 de Setembro. Carballo
4 ao 10 de Setembro. O Barco
12 ao 15 de Setembro. Ponte[illegible]dra
[illegible] ao 22 de Setembro. O Barco
[illegible] ao 17 de Setembro. Marín
[illegible] ao 30 de Setembro. Ourense

Mostra de teatro na rua

Organizada polo Ateneo Santa Cecilia os 29, 30 e 31 de Xullo e 1, 2 e 3 de Agosto celébrase a V edición deste certame de animación teatral. O **programa** previsto é o seguinte:

29 de Xullo. Ás 21 h. "Bruxerias". Grupo Falaguera Teatre de Alacant.
30 de Xullo. Ás 23 horas. "Correfogos". Grupo Visitants de Castelló.
31 de Xullo. Ás 12.30 horas. "Hugonstein". Grupo Visitants.
1 de Agosto. Ás 10 horas. "Vivo Cantando". La Cubana.
Ás 13 h. "só ante o perigo". La Cubana.
Ás 23.30. "Unha trampa para teresa". La Cubana.
Día 2 de Agosto. Ás 13 h. "Tostados a la Plancha". La Cubana.
Ás 20 h. "Xa somos ricos". La Cubana.
Ás 21 h. "Os limpias". La Cubana.
Ás 23 h. "A volta da coca". Tanxarina.

Tamén se realizarán diferentes **exposicións**.
1 de Agosto. "Fotografías de Jordi Munet".
Dia 16 de Agosto. "16 fotógrafos soviéticos do Foto-Clube Riga".
Dia 30. "Fotografías de Sergei Wasiliev".
Organiza o Ateneo Santa Cecilia de Marín.

Atividades deportivas no Festival Intercéltico

O sábado, día **29 de Xullo**, a partir das 5 da tarde, na Praia de Moaña, "I Trofeo de Atletismo do Concello de Moaña", adicado á povoación benxamín, alevín e infantil, con probas de altura, peso, velocidade e medio fondo e a realización de probas de exhibición das Escolas Atléticas das Sociedades Deportivas, con marcha e vallas. A organización corre a cargo daSociedade Deportiva SAMERTOLAMEU, baixo a dirección de Miguel Cortegoso. Conta cun presuposto superior ás 250.000 pts.

O domingo, día **30 de Xullo**, a partir das 10,30 da mañán, "I Carreira Ciclista do Festival Intercéltico", adicada a promover a práctica do ciclismo federado no seo da mocedade. As probas teñen carácter nacional galego e participarán máis de 150 corredores das categorías de cadetes e xuvenís federados. Discurrirá por circuítos urbanos do propio Concello partindo da Praia de Moaña. Os premios acadan as 230.000 pts. A organización corre a cargo do Clube Ciclista CANGAS, actuando de coordenador responsable José Luís Martínez.

Finalmente, o mesmo domingo día 30, e dende as 10,30 da mañán e ata a tardiña, celebrarase no Campo Municipal da Xunqueira, o "I Trofeo Festival Intercéltico de Petanca", organizado pola Federación Galega de Petanca, cun presuposto en premios por un importe das 150.000 Pts. Está destinado a promover este deporte entre a povoación do Concello de calquer edade.

Galicia fóra de Galicia

Dentro do programa de atividades desta exposición que se celebra no Quiosque Alfonso de A Coruña até o próximo 6 de Agosto celebraranse as seguintes:
Ciclo "Cine galego e emigración".
Xoves 27 ás 17 h. "O pai de Miguelíño" e "Gallego".
Ás 20 h. "Mamasunción" e "Gallego", o Venres 28 repetirase o mesmo programa.
Festival de Música "Homaxe aos emigrantes galegos". No teatro Colón o **Venres 4 de Agosto** ás 20 h. "Ballet Galego Rey de Viana" e actuación do grupo galego na Arxentina "Xeito Novo".
Ao tempo, cada média hora, proxéctase un audiovisual da Dirección Xeral do INE.

Gravuras cubanas

Exposición na sá do Hotel Araguaney de Compostela até o 29 de Xullo.

I Mostra de Artesania Popular

Na Casa de Cultura de Cangas organizada pola A.C. Xinia. O **venres 28** dará unha conferéncvia o profesor Alfredo González Acuña sobre "Futuro da cerámica?" con proxección de diapositivas.

CONVOCATORIAS

XIII Xornadas do Ensino de Galiza

Desenvolveranse o seguinte programa entre o 11 e o 15 de Setembro na Coruña (Escola de Idiomas).

Luns 11.
"A grafoloxia na escola: aplicacións prácticas" Laura Lizancos Mora.
"Metodoloxia para traballar coa natureza. Unha experiéncia práctica: Baldaio. Coordena" Carlos Vales.
"Teatro: Construción dunha personaxe e montaxe da obra baseada nesa personaxe." Carlos Basoa.
"Iniciación ás técnicas dos teares" Sabela Vazquez Fandiño.
"Iniciación ao baile tradicional galego." Isidoro Roguez. Perez.
"Tradición e modernidade. Compoñentes da mentalidade actual." Henrique Telllo.
"O ensino musical na escola. Experiéncias" Fco. Xaime Rey Sanmartín.
"Taller de cartón-pedra." Fco. Peña Diaz.
"Texto e contexto nas literaturas africanas de lingua portuguesa. A incidéncia dos romances "Mayombe" e "Yaca" na literatura angolana." Manuel Ferreira.
"Taller de plástica: Cartonaxe e material de desfeito." Oscar Lopez Sueiro.
"Uso de meios audiovisuais na aula: paneis, transparéncias, diapositivas." Audiovisuais A. Bóveda.
"Os ensinantes e a saúde mental (relación docente- docentes)." Fernando Marquez Gallego.
"Actividades físicas e xogos. Alternativa lúdica do corporal." Manuel Fdez. Pombo e

Manuela Pérez.
"Proposta para a explicación da história do galego." Pilar Garcia Negro.
Martes 12
"Etnografia na escola: As festas tradicionais, a sua organización nas escolas. Taller criativo". Anton Castro Rodríguez.
"Taller de plástica: a sua estampación en teas." Oscar Lopez Sueiro.
"Traballando co barro". Fco. Xose Perez Porto.
"Debuxo e leitura da imaxe na escola." Xoan M. Andrade Vidal.
"(Reflexións) sobre informática e ensino." Xose A. Vazquez Rguez.
"Historia da arte galega. As suas claves." Fernando Mtnez. Vilanova.
"Celso Emilio no seu contexto" Manuel Maria.
"A miña experiéncia como escritor para nenos. Poesia na escola." Manuel Maria.
"Visitas escolares. A sua preparación. Elaboración dun plan de visitas para o centro." Xan Fdez. Carrera.
"Reflexións sobre o ensino bilingüe en Cabo Verde." Orlanda Amarilis.
Mercores 13
"Dinamización de textos, na pedagoxia a língua". Coordena. Xoan Carlos Rabade (APLL).
"Problemas da linguaxe na escola: retrasos da fala e da linguaxe, transtornos de articulación, transtornos na leito.escritura." Eliana Villar.
"O bilingüismo imposibel: níveis acadados ao remate da escolarización obrigatória." Landelino Pellitero e Xosé Manuel Rguez.
Xoves 14.
"Os recursos culturais de Galiza no ensino" Felipe Senen.
"Situación e perspectiva da lingua portuguesa no mundo." Pilar Vázquez Cuesta.
Venres, 15.
"Produtor e fotosíntese (Metan as prantas á escuridade?)." A. Carpintero.
"Un método activo para o ensino da ciéncia." A. Carpintero.
"Sociolingüística nas aulas." Manolo Portas (APLL)
Os talleres e seminários seguiranse en sucesivos dias, e haberá diversos actos culturais. A matrícula é de 4.000 pesetas e para sócios e parados 2.000. Para máis información dirixirse ao (981) 27 52 74

ANUNCIOS DE BALDE

Churuleta Teatro. **Espectáculos de rua para todos os públicos.** Os interesados poden contactar co teléfono (986) 78 08 73 ou no Apartado 185 de Lalín.

Os **Comités Abertos de Facultade** comunican a todos os estudantes galegos que queiran receber información sobre a asociación que poden poñerse en contacto con membros do seu Consello Nacional escrebendo ao apartado de Correos 885 de Santiago de Compostela. Asimesmo poden dirixirse ao mesmo apartado para consultar dúbidas que podan ter sobre o funcionamento da Universidade, formular queixas sobre os servícios universitários ou para pder información sobre os seus direitos como universitário.

Vendo **Moto Honda *Hurricane***. Teléfono de Vigo (986) 29 41 83 (Polas mañáns)

Mercaria **conxelador**. Teléfono (986)49 20 04. Pola tarde.

Vendo abellas do país, instaladas en colmeas "prefeción". Précio 13.000 pesetas. **Inclue un potente inxámio e a colmea sen alza.** (986) 54 00 68. Perguntar por Manolo de 9 a 14 horas

Véndese extractor de mel, instalado, motor eléctrico novo. Para 4 cadros de alzas en tanxencial, ou 12 médias alzas en radial, précio 45.000.— pts. (986) 54 00 68. Perguntar por Manolo de 9 a 14 horas.

Renovação (revista distribuida pola Livraria Couceiro) pretende ser um espaço aberto a todos os escritores e poetas da área lingüística galego-portuguesa, nomeadamente aos galegos silenciados polo poder. Além de outros projectos para o futro. Estamos no apartado 24034 (ou no 40047) de Madrid.

Mercaria **extractor de mel**, inoxidable, de segunda man. Chamar ao (986) 86 12 17, de Pontevedra, á hora de xantar.

ZUR/HA. **Distribución alternativa** de fanzines, discos, casettes, chapas, camisetas, pegatas... Apartado 389, Ferrol ou nos Pubs: Casa das Crechas (Compostela) ou UF (Vigo).

Traductor con experiéncia na **tradución ao inglés**. Inglés nativo, (con dous libros editados), profisional. Temas comerciais, marítimos, etc. Chamar a Ian. (986) 23 49 94 - 43 3925) ou no Apartado 767 (Vigo)

Afeizoado á **musica gostaria de facer grupo**. Condición: puro amor á arte. Chamar (986) 37 44 89.

Debuxante necesita **guión para comic**. Chamar a Diego (986) 31 05 69.

Unha lembranza de Xaquin Lourenzo

(ven da páx. 15)

que el xa non levaria a cabo dito traballo, pero que esperaba que houbese alguén que fose capaz de facelo.

A única vez que o vín un tanto contrariado foi cando, para defender a honra científica de Cuevillas, non tivo menos que criticar a atitude de certa persoa que ten intentado adornarse con méritos alleos.

Con qué alegría recebiu a entrega de certo número de cantigas populares que recolleran da boca do povo os rapaces de Quintela de Leirado. Parecía un rapaz cnado estrea un traxe novo.

Sen dúbida que o que me dicía unha vez unha veciña del era pura verdade: "Na sua família eran moi avanzados". O que na sua boca queria dicer que eran amigos de que o povo progresase, de que todos soubesen ler e escreber, ou cociñar, ou coser. E deste labor encarregábase a sua boá nai, tan querida por todos. D. Xaquín, un dos bos e xenerosos, merece un bon descanso... □

EXTRAS A NOSA TERRA
O fondo editorial de Promocións Culturais Galegas está a venda nas seguintes librarias.

Libraria Couceiro
Praza do Libro, s/n.
- A Coruña
Libraria Lume
Fernando Macias, 3 - A Coruña
Libraria Colón
Real, 24 - A Coruña

Libraria Hélios
Real, 55 - Ferrol
Libraria Cao
Padre Sarmiento, 12
Pontevedra
Libraria Michelena
Michelena - Pontevedra

Libraria Pueblo
San Roman, 1 - Pontevedra
Libraria Couceiro
Republica do Salvador, 9
Santiago
Libraria Abraxas
Montero Rios, 50 - Santiago

Libraria Biblos
Doutro Fleming, 1 baixo
Lugo
Libraria Tanco
Praza do Campo, 2 - Lugo
Libraria das Airas
Garcia Barbón.

Verin / Ourense
Libraria Tanco
Jose Antonio, 20 - Ourense
Libraria Stylo
Capitan Eloy - Ourense
Libraria La Región
Calvo Sotelo, 15 - Ourense

A NOSA TERRA

ANO XII • 27 DE XULLO • 1989 — Nº 397 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

TRAXEDIA E DIÁSPORA NAS ÚLTIMAS OPOSICIÓNS REPUBLICANAS

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

A guerra civil interrompiu o normal desenvolvimento de toda a vida social do estado español e, por suposto, tamén dos procedementos para seleccionar ao profesorado de segundo ensino que se viñan aplicando en Madrid no verán en que estalou a contenda. A traxedia e diáspora orixinada polos avatares do conflito afectaron gravemente a moi significativos docentes galegos que participaban naquelas seleccións, como poderá comprobarse a continuación desde unha perspectiva máis ben literaria e como foi testemuñado indirectamente por Ricardo Carballo Calero na sua novela *Scorpio* (Barcelona, Sotelo Blanco, 1987).

AS PROBAS INTERROMPIDAS

En realidade, a interrución no afectou ás oposicións a cátedras de segunda ensinanza, que non chegaron a comenzarse, senón aos cursos para a selección e perfeccionamento dos profesores encargados de curso nos Institutos de bacherelato.

Efectivamente, por decreto do 15 de Xuño de 1936, o Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes, Francisco Barnés, anunciara a celebración e características de ditos cursos, puntualizando que "se celebrarán en Madrid, darán comienzo el día 29 del mes de Junio corriente y durarán, por lo menos un mes" (*Gaceta de Madrid,* 17-6-1936). Todo sucedería segundo o decretado menos a duración do curso, que non chegaría a fins de Xullo ao ser suspendido polos acontecimentos bélicos.

Por orde do 23 de Xuño de 1936 publicada na *Gaceta* do 26, o Ministerio nomeou ao profesorado para os mencionados cursos, composto por un director e dous profesores para cada asignatura, que deberían a súa vez estar presididos por un vocal da Xunta organizadora da Segunda ensinanza. Entre os aspirantes galegos encontrábanse concorrentes como Ricardo Carballo Calero, Xesús Ferro Couselo ou Xosé Crecente Vega, que, por tanto, estaban en Madrid durante o inicio da conflagración e que viviron a guerra na zona republicana.

Como mostra do dramático cambio de rumbo orixinado na vida destas persoas, abonda con lembrar que o aspirante Carballo se alistou en 1936 no Batallón de Milicias "Félix Bárzana", formado pola F.E.T.E.-U.G.T., participando na defensa da capital e trasladándose logo a Valencia e a Andalucía, onde se incorporou ao Exército co grao de tenente. Alí foi detido ao final da guerra e condenado a doce anos e un día de reclusión maior, dos que cumpriu dous na prisión militar de Jaén. A súa muller, embarazada no momento da forzada separación, deu á luz unha filla en 1936 que o escritor non puido coñecer até 1941, en que saiu do cárcere, cando a nena contaba xa cinco anos.

Non é de extrañar, pois, que estas experiencias oposicionais, de tan graves repercusións na súa biografía, serviran de base a boa parte da ficción desenvolvida en *Scorpio,* onde varios personaxes participan nos citados cursos, dos que se lembra mesmo ao tribunal e a algúns compañeiros na materia de Lingua Española e Literatura: "Estamos animados. Temos um bom tribunal. O Presidente, legado do Governo, parece preocuparse soamente dos aspectos administrativos, assi que devemos procurar obter o sufrágio de Alarcos, Montesinos, Valbuena e Gili Gaya. Quarteto mui luzido. Nom o é menos, mutatis mutándis, o corpo de aspirantes, no qual figuram nomes mui conhecidos: Laura de los Ríos, filha de dom Fernando; Isabel García Lorca, irmá de Federico; Gonzalo Menéndez Pidal, filho de dom Ramón;

Ricardo Carballo Calero

José María Quiroga Plá, genro de Unamuno" (p. 211).

En efecto, na orde do 25 de Xuño de 1936, recollida na *Gaceta* do día seguinte, o Ministerio nomeara para dita materia a Emilio Alarcos García como director, a Angel Valbuena Prat e José F. Montesinos como profesores e a Joaquin Álvarez Pastor como presidente. Non se menciona, en cambio, a Samuel Gili Gaya, introducido polo escritor acaso para completar o número de cinco membros habituais nos tribunais de oposicións, aínda que para estes cursos os compoñentes só eran catro. O propio Carballo confirmoume explicitamente esta impresión. O "legado do Governo" aludido pero non mencionado nominalmente na novela en cuestión sería, pois, Álvarez Pastor.

Alúdese tamén ao feito de que o protagonista da novela foi un dos poucos galegos que superou a primeira eliminatoria, tal como lle ocorriu realmente ao autor, que foi o único procedente do distrito compostelano que accedeu á segunda fase. En canto aos compañeiros reais aludidos en *Scorpio* cómpre dicir que Gonzalo Menéndez-Pidal e José María Quiroga Plá figuraban tamén, xunto con Carballo, na lista de admitidos para participar na oposición a cátedras que non chegou a ter comenzo.

AS OPOSICIÓNS NONNATAS

Por orde de 4 de xuño de 1936, segundo a *Gaceta* do 5, convocáranse oposicións para cátedras de Instituto en turnos libre e restrinxido, que deberían dar comenzo, respectivamente, o 3 e o 10 de Agosto, pero que xa non tiveron lugar.

Tanto na relación de tribunais provisionais nomeados o 25 de Xuño e publicada na *Gaceta* do 1 de Xullo, como na constitución definitiva dos mesmos ordenada o 13 de Xullo e publicada ao día seguinte, figuran importantes personalidades da cultura hispana, como Emilio Alarcos, Angel Valbuena, Rafael Lapesa, Dámaso Alonso, José Bergamín, Américo Castro, José F. Montesinos, Gerardo Diego, Tomás Navarro Tomás e Eugenio Asensio en Lingua Española e Literatura; António Machado en Filosofía e Ciencias Sociais. A diáspora que se aveciñaba levaría ao exilio a moitos deles, como Bergamín, Castro, Montesinos, Navarro, Machado ou Zambrano.

Así mesmo, aparecían na relación algúns galegos relevantes, como Alfredo Rodríguez Labajo en Matemáticas, Abelardo Moralejo en Lingua Latina, Ramón Martínez López en Lingua Española e Literatura ou Eugenio Montes en Filosofía e Ciencias Sociais. Deles tería que exiliarse o galeguista Martínez López.

Mesmo na lista de opositores dada o 30 de Xuño e aparecida ao día seguinte na *Gaceta* hai nomes tan coñecidos como os de José Manuel Blecua, Samuel Gili Gaya, Vicente Lloréns, Bartolomé Rosselló Porcel, Rafael de Balbín, Rafael Lapesa e Emilio Orozo en Lingua Española e Literatura; Vicente García de Diego e Julio Feo en Lingua Latina; Juan Antonio Gaya Nuño e Félix Ros en Xeografía e Historia; Enrique Díez-Canedo en Lingua Francesa; María Zambrano en Filosofía e Ciencias Sociais, etc. Lloréns, Diéz-Canedo e a antedita Zambrano marcharán ao exilio.

Entre os galegos que aspiraban á cátedra e que non tiveron ocasión de ser examinados estaban o biólogo-cineasta Carlos Velo e o etnógrafo Antonio Fraguas, aparte de Evaristo Correa Calderón, Pedro Martul, Lázara Montero, Ricardo Carballo Calero ou Xosé Rubia Barcia, estes cinco matriculados en Lingua Española e Literatura. Tamén pode mencionarse ao matemático ovetense Enrique Vidal Abascal, tan vinculado a Galicia. Alguns deles serán exiliados (como Velo e Rubia), encarcerados (como Carballo) e represaliados (como Fraguas). Outros non se reintegrarán aos seus destinos ao comenzo do novo curso, como Correa, quen, ao non poder posesionarse da súa praza en Almería por encontrarse en Lugo cando estalou a contenda, se incorporará ao claustro do Instituto desta última cidade como profesor de Portugués, dado que a cátedra de Lingua Española e Literatura estaba ocupada por Xosé Filgueira Valverde.

Ricardo Carballo Calero alude varias veces en *Scorpio* a estas oposicións nonnatas. Por exemplo, cando aparece "um professor galego de um Instituto de Madrid que está designado para formar parte do tribunal de oposiçons a cátedras perante o qual temos pensado comparecer" (p. 215), personaxe claramente inspirado no aludido Ramón Martínez López.

Noutro momento, un dos aspirantes contrapón as probas para encargados de curso que se estaban celebrando ás próximas oposicións a cátedras: "Como estes exercícios de agora nom som competitivos, como nom hai um número determinado de praças para cobrir, como som realmente exames de suficiência, eu tenho sérias esperanças de chegar ao fim. Outra cousa serám as oposiçons, con exíguo número de praças convocadas" (p. 215).

En suma, frustradas as ilusións que despertaron, as últimas oposicións republicanas, interrompidas e nonnatas supuxeron a vida, a morte, o cárcere ou exilio para moitos dos seus participantes. Tras elas, irrompia unha era marcada pola represión e pola ditadura para todas as actividades e, naturalmente, tamén para a ensinanza media, como pode constatarse no número 119 da revista franquista *Atenas,* correspondente a Marzo de 1942: "el generalísimo (...) antes de terminar la guerra, firmó en el frente del Ebro, con la punta de su espada, la Ley de Bachillerato".

A mediatización política, militar e relixiosa que eliminou o dereito democrático á libre oposición non remataría até a fin da ditadura franquista, momento dun proceso dexenerativo no qeu xa era moi difícil extirpar tantos vicios e corrupcións. A subseguinte posta en práctica do marco autonómico non evitou a incompetencia, o caciquismo, o familismo, o amiguismo, o sectarismo e toda clase de innóbeis tendenciosidades, senón que probabelmente acrecentou en certos aspectos a penetración de arbitrariedades e de inxusticias na selección do profesorado. □

TRES EN RAIA

INVESTIMENTOS E ABRAZOS

G. LUCA DE TENA

Un empresário que tome a decisión de instalar a sua fábrica na comarca de Hamburgo, verá sobre o mapa que dispón dunha completa e rápida rede de comunicacións con outras capitais. En cousa dunha hora de tren ou de coche, ten a man tres aeroportos desde os que saltar a calquera sítio do mundo. Para a enerxia que puidese consumir a sua indústria, oferécenlle gás natural a bo précio. Ten ben de posibilidades de que o seu solar fique á vista dunha autovia ou autopista, e a seguridade de que os acesos rodados serán de calidade. Dispón tamén de comunicación telefónica con cincocentas liñas por soporte, cable óptico e un servicio de correos públicos rápido e barato. O atractivo de todas estas facilidades, mellórase cunha excelente rede de coléxios públicos, instalacións deportivas e centros de recreo e cultura. Un traballador deste país cobra por hora case 1.700 pesetas, pero o conxunto de razóns positivas para o investimento pode convencer ao empresário de que compensa pagar salários altos.

Se este mesmo empresário deita sobre o mapa de Hamburgo o conxunto de oferecementos dun posíbel solo industrial en calquera das rias, verá que non hai ferrocarril, que para chegar a un dos aeroportos do país pode tardar horas; que a comunicación telefónica (1.500 liñas por soporte, a sobrecarga máis mentada de Europa) funciona só con axuda da megafonia inducida; que o servício de correos non ten remédio; que non hai tal cousa como gás natural e que o conxunto de servicios sociais e de recreo só se poden considerar cando son privados e caros. Un traballador cobra por termo médio indicativo cincocentas pesetas á hora. Se o empresário quer coñecer un pouco máis da realidade do país e bota man dun diário, pode ler profundos artigos sobre a necesidade da moderación salarial para incentivar a inversión.

Só os fabricantes de pasta química, altamente contaminante e indesexábel, envian aos seus representántes a abrazar perante as cámaras de televisión a González Laxe. □

VOLVER AO REGO

Mário Conde afirmaba, na única entrevista concedida no último ano e médio, que os banqueiros non opinaban de política. Asi, por definición.

A un parécelle que a democrácia para selo deberia instalarse en todas partes, incluidas a Conferéncia Episcopal, A XUXEM (Xunta de Xefes de Estado Maior) e, por suposto, nas reunións dos sete grandes da banca. E, ainda máis, xa que os americanos teñen aqui a sua influéncia, nós deberiamos poder opinar dalgun modo na seleción do seu governo.

A democrácia producese realmente cando a maioria opina sobre todo aquelo que afecta ao interés público. Por iso é escandaloso que estes señores, por definición, escondan o que opinan de política, ou sexa: non nós digan o que pensan facer co noso futuro. Era o menos.